

**24047** *ORDE PRE/3108/2002, do 9 de decembro, pola que se amplían os termos municipais e núcleos de poboación onde resultan de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige».* («BOE» 296, do 11-12-2002.)

A Orde PRE/3044/2002, do 3 de decembro, estableceu os termos municipais e núcleos de poboacións que resultaban de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», en cumprimento do disposto no parágrafo terceiro do artigo primeiro do citado real decreto lei.

A evolución dos acontecementos determinou a existencia doutras zonas afectadas, ademais das previstas na Orde PRE/3044/2002. Por isto a Delegación do Goberno en Galicia, de acordo co disposto no artigo 1, terceiro parágrafo, do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, propuxo a inclusión de novos municipios ós que tamén son de aplicación as medidas previstas no dito real decreto lei.

Na súa virtude, por proposta do delegado do Goberno en Galicia, dispoño:

**Primeiro.**—Amplíase o anexo da Orde PRE/3044/2002, do 3 de decembro, pola que se determinan os termos municipais e núcleos de poboación onde resultan de aplicación as medidas previstas no Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro, sobre medidas reparadoras en relación co accidente do buque «Prestige», ós termos municipais e núcleos de poboación incluídos na presente orde.

**Segundo.**—Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 9 de decembro de 2002.

RAJOY BREY

## ANEXO

### Relación de termos municipais e núcleos de poboación ós que se amplía o ámbito de aplicación territorial do Real decreto lei 7/2002, do 22 de novembro

A Coruña: A Pobra do Caramiñal, Boiro, Rianxo.

Pontevedra: A Guarda, A Illa de Arousa, Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Catoira, Marín, Meaño, Moaña, Nigrán, O Grove, O Rosal, Oia, Poio, Pontevedra, Redondela, Ribadumia, Sanxenxo, Soutomaior, Vigo, Vilanova de Arousa, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa.

## XEFATURA DO ESTADO

**24244** *LEI 45/2002, do 12 de decembro, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.* («BOE» 298, do 13-12-2002.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 41 da Constitución española establece que os poderes públicos deberán garantir un réxime público de prestacións sociais, especialmente en caso de desemprego. Pola súa banda, a Estratexia Europea de Emprego á que se refire o título VIII (antigo título VI bis) do Tratado da Comunidade Europea, e as directrices sobre emprego que anualmente aproba o Cumio de Xefes de Estado e de Goberno, veñen xa desde o inicio do Proceso de Luxemburgo insistindo en que os países da Unión Europea deben organiza-la protección por desemprego de maneira que, xunto coas prestacións económicas necesarias para afrontar as situacións de paro, os poderes públicos dean oportunidades de formación e emprego que posibiliten que os desempregados poidan encontrar un traballo no menor tempo posible.

Aínda que este principio está implícito na actual normativa española, faltan mecanismos explícitos para o poñer en marcha. Este mesmo principio, que constitúe eixe de referencia na protección fronte ó desemprego, foi referendado recentemente nas conclusións do Consello Europeo de Barcelona.

A reforma das prestacións por desemprego que se acomete con esta lei ten como obxectivos, de acordo co principio xeral arriba exposto, os seguintes:

a) Facilitar oportunidades de emprego para tódalas persoas que desexen incorporarse ó mercado de traballo. Para isto, en primeiro lugar, desde o inicio da prestación existirá un compromiso de actividade en virtude do cal o desempregado terá dereito a que os servicios públicos de emprego determinen o mellor itinerario de inserción, de acordo coas súas capacidades profesionais e aptitudes para o traballo. Pola súa vez, todos aqueles beneficiarios de prestacións que desexen traballar noutros lugares con mellores oportunidades de emprego disporán de axudas para lles facilita-la mobilidade xeográfica.

Así mesmo, regúlase, con maiores garantías xurídicas para o desempregado, o concepto de colocación adecuada, no cal o determinante é que —sen prexuízo de referencias xerais— os servicios públicos de emprego poidan valorar esta adecuación en función das circunstancias persoais, profesionais e a facilidade de desprazamento ó lugar de traballo. Igualmente, ademais da axuda para a busca de emprego que presten os servicios públicos de emprego, os beneficiarios de prestacións por desemprego durante os cen primeiros días do cobro da súa prestación non estarán obrigados a participar en accións de mellora da súa ocupabilidade, pois, intactas as súas capacidades para atoparen un emprego, poderanas poñer en práctica por si mesmos, sen axuda, se así o desexan, doutro tipo de accións do servicio público de emprego. En calquera caso, tódalas accións estarán á súa disposición.

Igualmente, favorécese que os desempregados maiores de cincuenta e dous anos beneficiarios de calquera subsidio por desemprego poidan compatibilizar voluntariamente unha parte deste co traballo por conta allea, permitindo así acumular períodos de cotización e recuperar carreiras de seguro tendo nun futuro unha mellor pensión de xubilación.

Así mesmo, para os desempregados que desexen formar parte dunha sociedade anónima laboral ou constituírse como socios traballadores ou socios de traballo de cooperativas e opten por utilizar para iso a prestación pendente de percibir, establécese que a capitalización pode percibirse como pagamento único, destinado integramente á contribución necesaria para constituírse en socio, ou como pagamento periódico para aboa-las cotizacións á Seguridade Social. Os que queiran constituírse como traballadores autónomos poderán capitalizar ata

o 20 por 100 da súa prestación para afrontar os gastos de inicio de actividade; o resto da prestación aboaráse para o pagamento das cotizacións á Seguridade Social. As persoas discapacitadas poderán acollerse á modalidade que máis lles conveña e gozarán ademais dunha bonificación nas súas cotizacións ó réxime especial de autónomos do 50 por 100.

b) Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo. Para isto establécese o comezo da percepción da prestación de desemprego desde o cesamento por despedimento, con independencia da súa impugnación, posibilitando a existencia de ingresos no período que medie entre o despedimento e a conciliación ou a sentenza. Establécese tamén a posibilidade de compatibilizar as prestacións por desemprego co traballo para que traballadores desempregados perceptores de prestacións substitúan a traballadores de pequenas empresas mentres estes asisten a cursos de formación. Así mesmo, auméntanse as posibilidades de acollerse a bonificacións cando se contrata mulleres paradas que deron a luz nos últimos vintecatro meses.

c) Corrixir disfuncións observadas na protección por desemprego. Para isto reordénase a protección de emigrantes retornados, reservando o subsidio específico ós que traballaron polo menos un ano en países cos que España non ten convenio nesta materia, e establecendo para os demais a posibilidade de incorporarse ó Programa de renda activa de inserción. Todo isto faise sen prexuízo dos dereitos á protección por desemprego das persoas que proceden dun país do Espacio Económico Europeo ou de países cos que se ten suscrito convenio de prestacións por desemprego, que poderán percibir a súa prestación de acordo coa lexislación vixente e en aplicación dos regulamentos comunitarios de Seguridade Social ou os convenios correspondentes. Precísase o concepto de rendas incompatibles coa percepción do subsidio asistencial, excluindo expresamente as indemnizacións legais derivadas de extinción do contrato así como as cantidades destinadas para o pagamento do convenio á Seguridade Social que, de se-lo caso, poida facerse para manter as carreiras de seguro cara a unha mellor pensión de Seguridade Social.

Especificase igualmente que o nacemento das prestacións se produza tralo período que corresponde ás vacacións, non gozadas e que deben ser retribuídas, establecendo a situación de asimilada á alta e cotización do período que transcorre entre a extinción do contrato e o inicio da prestación, quedando con isto o traballador totalmente protexido ante a actualización de calquera situación de necesidade que supoña o nacemento dunha prestación de Seguridade Social.

d) Amplia-la protección a colectivos que actualmente carecen dela. Para isto establécese unha prestación contributiva por desemprego para os traballadores eventuais agrarios do conxunto do territorio español e determínase que as futuras incorporacións á protección por desemprego dos traballadores eventuais agrarios se rexerán pola nova normativa que se establece con carácter xeral. Á vez, mantense a regulación actualmente vixente para os que xa son perceptores de subsidio agrario en Andalucía e Extremadura. Os que non poidan incorporarse ó subsidio agrario como consecuencia da aplicación desta nova lei, terán dereito á renda activa de inserción, por unha duración igual á que correspondese de ser desempregado agrario subsidiado.

Tamén se regula o citado Programa de renda activa de inserción, ampliando para 2002 o acceso ós parados que, tendo máis de corenta e cinco anos, leven máis de doce meses en situación de desemprego, mesmo cando non percibisen prestación anteriormente; ou a parados de calquera idade que sexan discapacitados ou

víctimas de violencia doméstica, ou que sexan emigrantes retornados.

Por último, inclúense na protección por desemprego os socios de traballo das cooperativas e os socios traballadores de cooperativas de explotación comunitaria da terra.

A pronta reinserción dos desempregados é necesaria non só para o benestar destes, senón tamén para o correcto funcionamento do mercado de traballo. España amosou nos últimos anos capacidade de creación de emprego, pero non sempre foron as persoas desempregadas as que ocuparon estes postos de traballo; mesmo os empregos non chegaron a crearse por non se atopar a persoa adecuada para os ocupar, lesionando as posibilidades de crecemento económico de determinados territorios.

Por isto, para potenciar que, ademais de que persoas inactivas que se veñen incorporando ó mercado de traballo, os desempregados atopen antes emprego, e seguros de que ámbolos fenómenos contribuírán a mellorar esencialmente o funcionamento do noso mercado e ó progresivo achegamento de España ós niveis medios de emprego da Unión Europea, é esencial facilitarlles ós servizos públicos de emprego recursos humanos e materiais suficientes. Con este fin impulsárase a necesaria dotación orzamentaria a incluír nos orzamentos xerais do Estado de 2003, abordándose no ámbito da Conferencia Sectorial para Asuntos Laborais tanto a distribución de novos efectivos para os servizos de emprego estatal e autonómicos como cantas cuestións permitan que a integración laboral dos que carecen de emprego —especialmente os colectivos con maiores dificultades— se estenda de maneira eficaz e xeral.

## CAPÍTULO I

### Modificacións que se introducen no sistema de protección por desemprego

**Artigo primeiro.** *Modificación da Lei xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Un. Modifícase o parágrafo c) do artigo 207 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos termos seguintes:

«c) Encontrarse en situación legal de desemprego, acreditar dispoñibilidade para buscar activamente emprego e para aceptar colocación adecuada a través da subscrición do compromiso de actividade, ó que se refire o artigo 231 desta lei.»

Dous. Modifícanse o parágrafo c) e o parágrafo g) do número 1 e o punto 4 do número 1, así como o punto 2 do número 2 do artigo 208 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social; así mesmo, engádeselle un novo número 4 ó dito artigo. Todos eles quedan redactados nos termos seguintes:

«1. Cando se extinga a súa relación laboral:

c) Por despedimento.

g) Por resolución da relación laboral, durante o período de proba, por instancia do empresario, sempre que a extinción da relación laboral anterior se debese a algún dos supostos considerados neste número, ou transcorrese un prazo de tres meses desde a dita extinción.»

«4. Igualmente encontraranse en situación legal de desemprego os traballadores fixos descon-

tinuos, de acordo co que se dispoña en desenvolvemento desta norma, nos períodos de inactividade productiva.»

«2. Cando, mesmo encontrándose nalgunha das situacións previstas no número 1 anterior, non acrediten a súa dispoñibilidade para buscar activamente emprego e para aceptar colocación adecuada, a través do compromiso de actividade.»

«4. No suposto previsto no artigo 145 bis do texto refundido da Lei de procedemento laboral e sen prexuízo do sinalado nel, os traballadores entenderanse na situación legal de desemprego establecida no parágrafo f) do número 1 deste artigo por finalización do último contrato temporal e a entidade xestora recoñecerálle-las prestacións por desemprego se reúnen o resto dos requisitos esixidos.»

Tres. Modifícanse os números 1 e 3, e engádenselle tres números, o 4, o 5 e o 6, ó artigo 209 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. As persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 207 desta lei deberanlle solicitar á entidade xestora competente o recoñecemento do dereito ás prestacións, que nacerá a partir de que se produza a situación legal de desemprego, sempre que se solicite dentro do prazo dos quince días seguintes. A solicitude requirirá a inscrición como demandante de emprego se esta non se efectuou previamente. Así mesmo, na data da solicitude deberase subscribi-lo compromiso de actividade ó que se refire o artigo 231 desta lei.»

«3. No caso de que o período que corresponde ás vacacións anuais retribuídas non fose gozado con anterioridade á finalización da relación laboral, ou con anterioridade á finalización da actividade de tempada ou campaña dos traballadores fixos descontinuos, a situación legal de desemprego e o nacemento do dereito ás prestacións producirase unha vez transcorrido este período, sempre que se solicite dentro do prazo dos quince días seguintes á súa finalización.

O citado período deberá constar no certificado de empresa para estes efectos.»

«4. No suposto de despedimento ou extinción da relación laboral, a decisión do empresario de extinguir esta relación entenderase, por si mesma e sen necesidade de impugnación, como causa de situación legal de desemprego. No caso de existir período que corresponda a salarios de tramitación, o nacemento do dereito ás prestacións producirase unha vez transcorrido este período, que deberá constar no certificado de empresa para estes efectos.

O exercicio da acción contra o despedimento ou extinción non impedirá que se produza o nacemento do dereito á prestación.»

«5. Nas resolucións recaídas en procedementos de despedimento ou extinción do contrato de traballo:

a) Cando, como consecuencia da reclamación ou o recurso, o despedimento sexa considerado improcedente e se opte pola indemnización:

Se o traballador non ten dereito ós salarios de tramitación continuará percibindo as prestacións por desemprego ou, se non as estiver percibindo, comezará a percibilas con efectos desde a data do cesamento efectivo no traballo, sempre que se

cumpra o establecido no número 1 deste artigo, tomando como data inicial para tal cumprimento a da acta de conciliación ou providencia de opción pola indemnización, ou, de se-lo caso, a da resolución xudicial.

Se o traballador ten dereito ós salarios de tramitación e non estivese percibindo as prestacións, comezará a percibilas con efectos desde a data en que finaliza a obriga do aboamento destes salarios; e se estivese percibindo as prestacións deixará de percibilas, considerándoas indebidas, e poderá volver percibir con efectos desde a data en que finaliza a obriga do aboamento dos ditos salarios, logo da regularización pola entidade xestora do dereito inicialmente recoñecido, reclamando á Tesourería Xeral da Seguridade Social as cotizacións efectuadas durante a percepción das prestacións e efectuando a compensación correspondente polas prestacións indebidamente percibidas, ou ben reclamándolle o seu importe ó traballador.

En ámbolos casos, o traballador deberá solicita-lo recoñecemento das prestacións no prazo previsto no número 1 deste artigo, tomando como data inicial para tal cumprimento a da acta de conciliación ou providencia de opción pola indemnización ou, de se-lo caso, a da resolución xudicial, e acredita-lo período que corresponde ós salarios de tramitación.

b) Cando, como consecuencia da reclamación ou do recurso se produza a readmisión do traballador, mediante conciliación ou sentenza firme, ou aínda que aquela non se produza no suposto ó que se refire o artigo 282 da Lei de procedemento laboral, as cantidades percibidas por este en concepto de prestacións por desemprego consideraranse indebidas por causa non imputable ó traballador.

En tal caso, a entidade xestora cesará no aboamento das prestacións por desemprego e reclamaralle á Tesourería Xeral da Seguridade Social as cotizacións efectuadas durante a percepción das prestacións. O empresario deberá ingresar á entidade xestora as cantidades percibidas polo traballador, deducíndoas dos salarios deixados de percibir que correspondesen, co límite da suma de tales salarios.

Para efectos do disposto nos parágrafos anteriores, aplicarase o establecido no número 1 do artigo 227 desta lei, respecto ó reintegro de prestacións do pagamento das cales sexa directamente responsable o empresario, así como da reclamación ó traballador se a contía da prestación superase a do salario.

Nos supostos a que se refire esta letra, o empresario deberá insta-la alta na Seguridade Social con efectos desde a data do despedimento ou extinción inicial, cotizando por ese período, que se considerará como de ocupación cotizada para tódolos efectos.

c) Nos supostos a que se refiren os artigos 279.2 e 284 da Lei de procedemento laboral, o traballador comezará a percibilas prestacións, se non as estiver percibindo, a partir do momento en que se declare extinguida a relación laboral. En ámbolos casos, aplicarase o establecido na letra b) deste número respecto ás prestacións percibidas ata a extinción da relación laboral.»

«6. Nos supostos ós que se refire o artigo 56 do Estatuto dos traballadores o empresario deberá insta-la alta e a baixa do traballador e cotizar á Seguridade Social durante o período corresponden-



te ós salarios de tramitación, que se considerará como de ocupación cotizada para tódolos efectos.»

Catro. Incorpórase un novo número 4 no artigo 210 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactado nos termos seguintes:

«4. O período que corresponde ás vacacións, ó que se refire o número 3 do artigo 209, computarase como período de cotización para os efectos previstos no número 1 deste artigo e no número 2 do artigo 216, e durante este período considerase o traballador en situación asimilada á de alta, de acordo co establecido no artigo 125.1 desta lei.»

Cinco. Modifícanse os parágrafos a), d) e inclúese un parágrafo e) no número 1, e modifícase a letra b) do número 3 do artigo 212 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. A entidade xestora suspenderá o dereito á percepción da prestación por desemprego nos seguintes casos:

a) Durante o período que corresponda por imposición de sanción por infraccións leves e graves nos termos establecidos na Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

d) Mentres o titular do dereito realice un traballo por conta allea de duración inferior a doce meses, ou mentres o titular do dereito realice un traballo por conta propia de duración inferior a vinte e catro meses.

e) Nos supostos a que se refire o artigo 295 da Lei de procedemento laboral, mentres o traballador continúe prestando servizos ou non os preste por vontade do empresario nos termos regulados no dito artigo durante a tramitación do recurso. Unha vez que se produza a resolución definitiva procederase conforme o establecido no número 5 do artigo 209.»

«3. A prestación ou subsidio por desemprego proseguirá:

b) Logo de solicitude do interesado, nos supostos recollidos nos parágrafos b), c), d) e e) do número 1, sempre que se acredite que finalizou a causa de suspensión, que, de se-lo caso, esa causa constitúe situación legal de desemprego, ou que, de se-lo caso, se mantén o requisito de carencia de rendas ou existencia de responsabilidades familiares.

O dereito á continuación nacerá a partir do termo da causa de suspensión sempre que se solicite no prazo dos quince días seguintes, e a solicitude requirirá a inscrición como demandante de emprego se non se efectuou previamente. Así mesmo, na data da solicitude considerase reactivado o compromiso de actividade a que se refire o artigo 231 desta lei, salvo naqueles casos nos que a entidade xestora esixa a subscrición dun novo compromiso.

Se se presenta a solicitude transcorrido o prazo citado, produciranse os efectos previstos no número 2 do artigo 209 e no parágrafo b) do número 1 do artigo 219.

No caso de que o período que corresponde ás vacacións anuais retribuídas non fose gozado, será de aplicación o establecido no número 3 do artigo 209 desta lei.»

Seis. Modifícanse os contidos dos parágrafos c) e d) do número 1 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. O dereito á percepción da prestación por desemprego extinguirase nos casos seguintes:

c) Imposición de sanción nos termos previstos na Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

d) Realización dun traballo por conta allea de duración igual ou superior a doce meses, sen prexuízo do establecido no número 3 do artigo 210, ou realización dun traballo por conta propia, por tempo igual ou superior a vinte e catro meses.»

Sete. Modifícanse o parágrafo c) do número 1, punto 1, e o número 3 do artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. Serán beneficiarios do subsidio:

c) Ser traballador español emigrante que, tendo retornado de países non pertencentes ó Espacio Económico Europeo, ou cos que non exista convenio sobre protección por desemprego, acredite ter traballado como mínimo doce meses nos últimos seis anos nos ditos países desde a súa última saída de España, e non teña dereito á prestación por desemprego.»

«3. Para efectos de determina-lo requisito de carencia de rendas e, de se-lo caso, de responsabilidades familiares, a que se refire o número 1 deste artigo:

1. Os requisitos deberán concorrer no momento do feito causante e, ademais, no da solicitude do subsidio, así como no momento da solicitude das súas prórrogas ou continuacións e durante a percepción de tódalas modalidades do subsidio establecidas no presente artigo.

Se non se reúnen os requisitos, o traballador só poderá obte-lo recoñecemento dun dereito ó subsidio cando se atope de novo nalgunha das situacións previstas no número 1.1, 2, 3 e 4 deste artigo e reúna os requisitos esixidos, salvo no caso de que dentro do prazo dun ano desde a data do feito causante se acredite que se cumpren os requisitos de carencia de rendas ou, de se-lo caso, de existencia de responsabilidades familiares, en que o traballador poderá obte-lo subsidio que corresponda a partir do día seguinte ó da súa solicitude sen redución da súa duración.

Para estes efectos considerase como data do feito causante aquela en que se cumpra o prazo de espera dun mes, ou se produza a situación legal de desemprego; ou a de esgotamento do dereito semestral; ou a de finalización da causa de suspensión.

2. Consideraranse como rendas ou ingresos computables calquera ben, dereito ou rendemento de que dispoña ou poida dispo-lo desempregado derivados do traballo, do capital mobiliario ou inmobiliario, das actividades económicas e os de natureza prestacional, salvo as asignacións da Seguridade Social por fillos a cargo e salvo o importe das cotas destinadas ó financiamento do convenio especial coa Administración da Seguridade Social. Tamén se considerarán rendas as plusvalías ou ganancias patrimoniais, así como os rendementos que poidan deducirse do montante económico do patrimonio, aplicándolle ó seu valor o 50 por 100

do tipo de xuro legal do diñeiro vixente, coa excepción da vivenda habitualmente ocupada polo traballador e dos bens con rendas que fosen computadas, todo isto nos termos que se establezan regulamentariamente.

Non obstante o establecido no parágrafo anterior, o importe correspondente á indemnización legal que en cada caso proceda pola extinción do contrato de traballo non terá a consideración de renda. Isto con independencia de que o seu pagamento se efectúe dunha soa vez ou de forma periódica.

Para acreditar as rendas, a entidade xestora poderalle esixir ó traballador unha declaración delas e, de se-lo caso, a achega de copia das declaracións tributarias presentadas.»

Oito. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 219 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. O dereito ó subsidio por desemprego nace a partir do día seguinte a aquel en que se cumpra o prazo de espera dun mes establecido no número 1.1 do artigo 215, ou, tras idéntico prazo de espera, desde o esgotamento do subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos, salvo nos seguintes supostos:

a) O subsidio previsto no número 1.2 do citado artigo 215 nace a partir do día seguinte ó da situación legal de desemprego, salvo cando sexa de aplicación o establecido nos números 3 ou 4 do artigo 209 desta lei.

b) O subsidio especial para maiores de corenta e cinco anos, previsto no número 1.4 do artigo 215, nace a partir do día seguinte a aquel en que se produza a extinción por esgotamento da prestación por desemprego recoñecida.

Para isto, será necesario en tódolos supostos que o subsidio se solicite dentro dos quince días seguintes ás datas anteriormente sinaladas e na data de solicitude deberase subscribi-lo compromiso de actividade ó que se refire o artigo 231 desta lei. Se se presenta a solicitude transcorrido o prazo citado, o dereito nacerá a partir do día seguinte ó da solicitude, reducíndose a súa duración en tantos días como medien entre a data en que tivo lugar o nacemento do dereito, de terse solicitado en tempo e forma, e aquela en que efectivamente se formulou a solicitude.

2. Serán de aplicación ó subsidio por desemprego as normas sobre suspensión e extinción previstas nos artigos 212 e 213.

Así mesmo, o subsidio suspenderase pola obtención, por un tempo inferior a doce meses, de rendas superiores ás establecidas no artigo 215, números 1.1, 2, 3 e 4 e 3 desta lei, e por deixar de reunir por tempo inferior a doce meses o requisito de responsabilidades familiares previsto nos números 2 e 3 do mesmo artigo, cando tivese sido necesario para o recoñecemento do dereito. Tras esta suspensión, o traballador poderá continuar a percepción do subsidio sempre que acredite o requisito de carencia de rendas e, de se-lo caso, o de responsabilidades familiares, nos termos establecidos no artigo 215.3.1 desta lei.

No caso de que a obtención de rendas ou a inexistencia de responsabilidades familiares, recollidas no parágrafo anterior, se manteña por un tempo igual ou superior a doce meses, extinguirase

o subsidio. Tras esta extinción, o traballador só poderá obtene-lo recoñecemento dun dereito ó subsidio se volve encontrarse de novo nalgunha das situacións previstas no número 1.1, 2, 3 e 4 do artigo 215 desta lei e reúne os requisitos esixidos.»

Nove. Modifícase o contido do número 3 e incorpóranse os números 4 e 5 ó artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«3. Cando así o estableza algún programa de fomento do emprego, a entidade xestora poderará aboar dunha soa vez o valor actual do importe, total ou parcial, da prestación por desemprego de nivel contributivo a que teña dereito o traballador e que estea pendente de percibir.

Así mesmo, poderará aboar a través de pagamentos parciais o importe da prestación por desemprego de nivel contributivo a que teña dereito o traballador para subvencionar a súa cotización á Seguridade Social.»

«4. Cando así o estableza algún programa de fomento do emprego destinado a colectivos con maior dificultade de inserción no mercado de traballo, poderase compatibilizar a percepción da prestación por desemprego ou do subsidio por desemprego pendentes de percibir co traballo por conta allea, caso no que a entidade xestora lle poderará aboar ó traballador o importe mensual das prestacións na contía e duración que se determinen, sen incluí-la cotización á Seguridade Social.

No suposto previsto no parágrafo anterior, durante o período de percepción das prestacións o empresario deberalle aboar ó traballador a diferenza entre a prestación ou subsidio por desemprego e o salario que lle corresponda, sendo, así mesmo, responsable de cotizar á Seguridade Social polo total do salario indicado, incluído o importe da prestación ou subsidio.

Así mesmo, co fin de facer efectivo o dereito á formación de traballadores ocupados, así como de incrementar as posibilidades de emprego dos traballadores desempregados, determinaranse programas que lles permitan ás empresas substituí-los traballadores en formación por outros traballadores desempregados beneficiarios de prestacións por desemprego. Neste caso, os traballadores poderán compatibilizar as prestacións co traballo a que se refire este número.»

«5. Cando así o estableza algún programa de fomento de emprego para facilitar a mobilidade xeográfica, a entidade xestora poderalles aboar-lo importe dun mes da duración das prestacións por desemprego ou de tres meses da duración do subsidio por desemprego, pendentes de percibir, ós beneficiarios delas para ocupar un emprego que implique cambio da localidade de residencia.»

Dez. Engádesse un parágrafo g) ó artigo 230 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que queda redactada nos termos seguintes:

«Son obrigas dos empresarios:

g) Comunica-la readmisión do traballador despedido no prazo de cinco días desde que se produza e ingresar na entidade xestora competente as prestacións satisfeitas por esta ós traballadores nos supostos regulados no número 5 do artigo 209 desta lei.»

Once. Incorpóranse os parágrafos h) e i) ó novo número 1 e engádense os números 2 e 3 ó artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, coa seguinte redacción:

«1. Son obrigas dos traballadores e dos solicitantes e beneficiarios de prestacións por desemprego:

h) Subscribir e cumprilas esixencias do compromiso de actividade.

i) Buscar activamente emprego, e participar en accións de mellora da ocupabilidade, que determinen os servizos públicos de emprego competentes, de se-lo caso, dentro dun itinerario de inserción.

Sen prexuízo da obriga de acreditar a busca activa de emprego, a participación nas accións de mellora da ocupabilidade será voluntaria para os beneficiarios de prestacións contributivas durante os cen primeiros días de percepción, e a non participación nelas non implicará efectos sancionadores.

2. Para os efectos previstos neste título, entenderase por compromiso de actividade o que adquira o solicitante ou beneficiario das prestacións de buscar activamente emprego, aceptar unha colocación adecuada e participar en accións específicas de motivación, información, orientación, formación, reconversión ou inserción profesional para incrementar a súa ocupabilidade, así como de cumprilas restantes obrigas previstas neste artigo.

3. Para os efectos previstos neste título, entenderase por colocación adecuada a profesión demandada polo traballador e tamén aquela que se corresponda coa súa profesión habitual ou calquera outra que se axuste ás súas aptitudes físicas e formativas. En todo caso, entenderase por colocación adecuada a coincidente coa última actividade laboral desempeñada sempre que a súa duración fose igual ou superior a tres meses.

Transcorrido un ano de percepción ininterrompida das prestacións, ademais das profesións anteriores, tamén poderán ser consideradas adecuadas outras colocacións que a xuízo do servizo público de emprego poidan ser exercidas polo traballador.

A colocación entenderase adecuada cando se ofrezca na localidade de residencia habitual do traballador ou noutra localidade situada nun raio inferior a 30 quilómetros desde a localidade da residencia habitual, salvo que o traballador acredite que o tempo mínimo para o desprazamento, de ida e volta, supera o 25 por cento da duración da xornada diaria de traballo, ou que o custo do desprazamento supón un gasto superior ó 20 por cento do salario mensual, ou cando o traballador teña posibilidade de aloxamento apropiado no lugar de novo emprego.

A colocación que se lle ofrezca ó traballador entenderase adecuada tendo en conta a duración do traballo, indefinida ou temporal, ou da xornada de traballo, a tempo completo ou parcial. Ademais esta colocación, para se entender axeitada, deberá implicar un salario equivalente ó aplicable ó posto de traballo que se ofrezca, con independencia da contía da prestación a que teña dereito o traballador, ou aínda que se trate de traballos de colaboración social.

Para a aplicación do previsto nos parágrafos anteriores, o servizo público de emprego competente terá en conta as circunstancias profesionais e persoais do desempregado, así como a concin-

liación da súa vida familiar e laboral, o itinerario de inserción fixado, as características do posto de traballo ofertado, a existencia de medios de transporte para o desprazamento, así como as características dos mercados locais de emprego.

O salario correspondente á colocación para que esta sexa considerada adecuada non poderá, en ningún caso, ser inferior ó salario mínimo interprofesional unha vez descontados daquel os gastos de desprazamento.»

Doce. Modifícase a redacción do artigo 232, e do parágrafo c) do artigo 233 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«Artigo 232. *Infraccións e sancións.*

En materia de infraccións e sancións aplicarase o disposto no presente título e no texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

c) As relativas á imposición de sancións ós traballadores por infraccións leves e graves conforme o establecido no artigo 47 da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.»

Trece. Incorpórase unha disposición adicional trixésimo terceira ó texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, co contido seguinte:

«Disposición adicional trixésimo terceira.

Os traballadores que proveñan dos países membros do Espacio Económico Europeo, ou dos países cos que exista convenio de protección por desemprego, obterán as prestacións por desemprego na forma prevista nas normas comunitarias ou nos convenios correspondentes.»

Catorce. Incorpórase un número 4 á disposición derradeira quinta do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, co contido seguinte:

«4. Hábilitase o Goberno para regular, dentro da acción protectora por desemprego e co réxime financeiro e de xestión establecido no capítulo V do título III desta lei, o establecemento dunha axuda específica denominada renda activa de inserción, dirixida ós desempregados con especiais necesidades económicas e dificultade para encontrar emprego que adquiran o compromiso de realizar actuacións favorecedoras da súa inserción laboral.»

## CAPÍTULO II

### Modificacións que se introducen na Lei do Estatuto dos traballadores

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo.*

Un. Modifícase o número 1 do artigo 33 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. O Fondo de Garantía Salarial, organismo autónomo dependente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, con personalidade xurídica e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus



fins, aboaralles ós traballadores o importe dos salarios pendentes de pagamento a causa de insolvencia, suspensión de pagamentos, quebra ou concurso de acredores dos empresarios.

Para os anteriores efectos, considerarase salario a cantidade recoñecida como tal en acto de conciliación ou en resolución xudicial por tódolos conceptos a que se refire o artigo 26.1, así como os salarios de tramitación nos supostos en que legalmente procedan, sen que poida o Fondo aboar, por un ou outro concepto, conxunta ou separadamente, un importe superior á cantidade resultante de multiplica-lo duplo de salario mínimo interprofesional diario polo número de días de salario pendente de pagamento, cun máximo de cento vinte días.»

Dous. Modifícanse os números 6 e 7 do artigo 55 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que quedan redactados nos termos seguintes:

«6. O despedimento nulo terá o efecto da readmisión inmediata do traballador, con aboamento dos salarios deixados de percibir.

7. O despedimento procedente validará a extinción do contrato de traballo que con aquel se produciu, sen dereito a indemnización nin a salarios de tramitación.»

Tres. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que quedan redactados nos termos seguintes:

«1. Cando o despedimento sexa declarado improcedente, o empresario, no prazo de cinco días desde a notificación da sentenza, poderá optar entre a readmisión do traballador, con aboamento dos salarios de tramitación previstos no parágrafo b) deste número 1, ou o aboamento das seguintes percepcións económicas que deberán ser fixadas naquela:

a) Unha indemnización de corenta e cinco días de salario, por ano de servizo, rateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano ata un máximo de corenta e dúas mensualidades.

b) Unha cantidade igual á suma dos salarios deixados de percibir desde a data de despedimento ata a notificación da sentenza que declarase a improcedencia ou ata que se encontrase outro emprego, se tal colocación fose anterior á devandita sentenza e o empresario probase o percibido, para o seu desconto dos salarios de tramitación.

2. No suposto de que a opción entre readmisión ou indemnización lle corresponda ó empresario, o contrato de traballo entenderase extinguido na data do despedimento, cando o empresario recoñecese a súa improcedencia e ofrecese a indemnización prevista no parágrafo a) do número anterior, depositándoa no xulgado do social á disposición do traballador e poñéndoo en coñecemento deste.

Cando o traballador acepte a indemnización ou cando non a acepte e o despedimento sexa declarado improcedente, a cantidade a que se refire o parágrafo b) do número anterior quedará limitada ós salarios devengados desde a data do despedimento ata a do depósito, salvo cando o depósito se realice nas corenta e oito horas seguintes ó despedimento, caso no que non se devengará ningunha cantidade.

Para estes efectos, o recoñecemento da improcedencia poderá ser realizado polo empresario desde a data do despedimento ata a da conciliación.»

Catro. Dáselle unha nova redacción ó artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, que queda redactado nos termos seguintes:

«Artigo 57. *Pagamento polo Estado.*

1. Cando a sentenza que declare a improcedencia do despedimento se dicte transcorridos máis de sesenta días hábiles desde a data en que se presentou a demanda, o empresario poderá reclamar do Estado o aboamento da percepción económica a que se refire o parágrafo b) do número 1 do artigo 56 satisfeita ó traballador, correspondente ó tempo que exceda dos ditos sesenta días.

2. Nos casos de despedimento en que, conforme o presente artigo, sexan por conta do Estado os salarios de tramitación, serán con cargo a este as cotas da Seguridade Social correspondentes a tales salarios.»

### CAPÍTULO III

#### Protección por desemprego dos traballadores eventuais agrarios

**Artigo terceiro.** *Acceso ó subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro.*

Só poderán ser beneficiarios do subsidio por desemprego, establecido polo Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, aqueles desempregados que, reunindo os requisitos esixidos no citado real decreto, fosen beneficiarios do devandito subsidio nalgún dos tres anos naturais inmediatamente anteriores á data de solicitude deste.

Os traballadores na data de solicitude do subsidio deberán subscribir un compromiso de actividade nos termos a que se refire o artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

**Artigo cuarto.** *Prestación por desemprego de nivel contributivo para os traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social.*

1. A partir do día 1 de xuño de 2002 queda incluída no ámbito da protección por desemprego e será obrigatoria a cotización por desemprego dos traballadores por conta allea eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, coas peculiaridades seguintes:

1. A base de cotización por desemprego será a de xornadas reais establecida para o réxime especial agrario da Seguridade Social. O tipo de cotización e a súa distribución será o que corresponda e se fixe na Lei de orzamentos xerais do Estado para os contratos de duración determinada a tempo completo, salvo que sexa de aplicación outro tipo de cotización específico por tratarse de empresas de traballo temporal, de contratos concretos de duración determinada ou de traballadores discapacitados. A cota que terán que ingresa-lo traballador e o empresario reducirase, respectivamente, nun 85 por 100 en 2002, nun 70 por 100 en 2003, nun 55 por 100 en 2004, nun 40 por 100 en 2005, nun 30 por 100 en 2006 e aplicarase sen redución a partir do ano 2007.

2. As prestacións por desemprego de nivel contributivo obteranse se se reúnen os requisitos establecidos no artigo 207 da Lei xeral da Seguridade Social, coas especialidades seguintes:

a) Non cotizarán pola continxencia de desemprego, nin terán dereito ás prestacións por desemprego polos períodos de actividade correspondentes, o cónxuxe, os descendentes, ascendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive e, de se-lo caso, por adopción, do titular da explotación agraria na que traballen sempre que convivan con este, salvo que se demostre a súa condición de asalariados.

b) A duración da prestación por desemprego estará en función dos períodos de ocupación cotizada nos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ó momento en que cesou a obriga de cotizar conforme a seguinte escala:

Período de cotización — En días	Período de prestación — En días
Desde 360 ata 539 .....	90
Desde 540 ata 719 .....	135
Desde 720 ata 899 .....	180
Desde 900 ata 1.079 .....	225
Desde 1.080 ata 1.259 .....	270
Desde 1.260 ata 1.439 .....	315
Desde 1.440 ata 1.619 .....	360
Desde 1.620 ata 1.799 .....	405
Desde 1.800 ata 1.979 .....	450
Desde 1.980 ata 2.159 .....	495
Desde 2.160 .....	540

Se o traballador eventual agrario de forma inmediatamente anterior figurou de alta en Seguridade Social como traballador autónomo ou por conta propia, o período mínimo de cotización necesario para o acceso á prestación por desemprego será de setecentos vinte días, aplicándose a escala anterior a partir dese período.

c) A cotización á Seguridade Social durante a percepción da prestación contributiva pola cota fixa e o aboamento do importe desa cota fixa pola entidade xestora realizaranse conforme o establecido para os traballadores por conta allea de carácter fixo incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social.

3. Non será de aplicación a estes traballadores a protección por desemprego de nivel asistencial, establecida no artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2. En tódolos aspectos non considerados expresamente no número 1 deste artigo será de aplicación o establecido no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

3. Facúltase o Goberno para establecer limitacións no acceso á protección por desemprego de determinados colectivos; para esixir unha declaración de actividade previa ó pagamento das prestacións; para modifica-la escala que fixa a duración da prestación contributiva; e para estende-la protección asistencial ós traballadores, en función da taxa de desemprego e a situación financeira do sistema.

4. Os traballadores agrícolas fixos seralles de aplicación o establecido no parágrafo a) do punto 2 do número 1 deste artigo.

5. Os períodos de ocupación cotizada en actividades suxeitas ó réxime especial agrario da Seguridade Social como traballador agrícola fixo ou a outros réximes que teñan previsto cotizar pola continxencia de desemprego e os períodos de ocupación cotizada como eventual agrario computaranse reciprocamente para a obtención de prestacións de nivel contributivo. Neste caso, se se acredita que o maior período non corresponde a un período de ocupación cotizada como eventual agrario, as prestacións por desemprego e, de se-lo caso, os subsidios por esgotamento outorgaranse conforme establece o título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social; noutro caso, aplicaranse as normas especiais de protección previstas neste artigo, todo isto, con independencia de que a situación legal de desemprego se produza polo cesamento nun traballo eventual agrario, ou non.

Non caberá o cómputo recíproco de cotizacións previsto no parágrafo anterior para acceder ó subsidio por desemprego establecido no artigo 215.1.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social; por isto, as xornadas reais cubertas no réxime especial agrario da Seguridade Social como eventual agrario non se computarán para obter este subsidio, pero servirán para obter un futuro dereito á prestación por desemprego de nivel contributivo ou, de se-lo caso, ó subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, sempre que se cumpran os requisitos esixidos en cada caso.

A cotización á Seguridade Social durante a percepción das prestacións efectuarase ó réxime especial agrario da Seguridade Social segundo o establecido no número 1.2.c) anterior, salvo que corresponda a outro réxime da Seguridade Social o maior período cotizado, caso no que a cotización se efectuará dentro deste último.

6. As cotizacións por xornadas reais que fosen computadas para o recoñecemento das prestacións por desemprego de carácter xeral non poderán computarse para o recoñecemento do subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, e as computadas para recoñece-lo citado subsidio non poderán computarse para obter prestacións por desemprego de carácter xeral.

7. Se o traballador eventual agrario reúne os requisitos para obter a prestación por desemprego de nivel contributivo regulada no número 1.2 deste artigo e o subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, poderá optar por un dos dous dereitos, aplicándose as regras seguintes:

1.<sup>a</sup> Se solicita o subsidio por desemprego establecido no Real decreto 5/1997, tódalas xornadas reais cubertas no réxime especial agrario da Seguridade Social, calquera que sexa o seu número, teranse en conta para acreditarlo requisito establecido no artigo 2.1.c) do citado real decreto. No caso de existiren cotizacións por desemprego a outros réximes de Seguridade Social non computadas para obter este subsidio, estas servirán para obter unha prestación ou subsidio por desemprego posterior, conforme o establecido no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

2.<sup>a</sup> Se se solicita a prestación por desemprego de nivel contributivo regulada no número 1.2 deste artigo para efectos de determina-lo período de ocupación cotizada, computaranse tódalas xornadas reais cotizadas no réxime especial agrario da Seguridade Social, así como o resto de cotizacións por desemprego efectuadas noutros réximes de Seguridade Social, sempre que non fosen computados para obter unha prestación ou subsidio



anterior, e que se efectuasen dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego ou ó momento en que cesou a obriga legal de cotizar, sendo de aplicación, de se-lo caso, o establecido na regra 1.<sup>a</sup> deste número 7, así como o previsto no número 5 deste artigo.

## CAPÍTULO IV

### Infraccións e sancións

**Artigo quinto.** *Modificación da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.*

Un. Modifícase o número 3 do artigo 2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos termos seguintes:

«3. Os empresarios, os traballadores, os solicitantes de subvencións públicas e, en xeral, as persoas físicas ou xurídicas, respecto da normativa de colocación, fomento do emprego e de formación profesional ocupacional ou continua.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 5 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. Son infraccións laborais as accións ou omisións dos empresarios contrarias ás normas legais, regulamentarias e cláusulas normativas dos convenios colectivos en materia de relacións laborais, tanto individuais como colectivas, de colocación, emprego, formación profesional ocupacional e formación profesional continua e de traballo temporal, tipificadas e sancionadas de conformidade coa presente lei. Así mesmo, terán esta consideración as demais accións ou omisións dos suxeitos responsables e nas materias que se regulan no presente capítulo.»

Tres. Modifícase o título da subsección primeira da sección terceira do capítulo II do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos termos seguintes:

«Infraccións dos empresarios e das axencias de colocación en materia de emprego, axudas de fomento do emprego en xeral, formación profesional ocupacional e formación profesional continua.»

Catro. Modifícanse os números 3 e 4 do artigo 16 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«3. Obter ou gozar indebidamente de subvencións, axudas de fomento do emprego ou calquera establecida en programas de apoio á creación de emprego ou formación profesional ocupacional ou continua concedidas, financiadas ou garantidas, en todo ou en parte, polo Estado ou polas comunidades autónomas no marco da execución da lexislación laboral, alleas ó réxime económico da Seguridade Social.

4. A non aplicación ou as desviacións na aplicación das axudas ou subvencións de fomento do emprego, de reinserción de demandantes de emprego, da formación profesional ocupacional e da formación profesional continua, concedidas, financiadas ou garantidas, en todo ou en parte, polo Estado ou polas comunidades autónomas no marco

da execución da lexislación laboral, alleas ó réxime económico da Seguridade Social.»

Cinco. Engádeselle un parágrafo c) ó número 1 do artigo 17 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactada nos termos seguintes:

«1. Leves:

c) Non cumprí-las esixencias do compromiso de actividade, salvo causa xustificada, sempre que a conducta non estea tipificada como outra infracción leve ou grave neste artigo.»

Seis. Modifícase o parágrafo segundo do número 2 do artigo 17 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, que queda redactado nos termos seguintes:

«Para os efectos previstos nesta lei, entenderase por compromiso de actividade, por colocación adecuada e por traballos de colaboración social os que reúnan os requisitos establecidos, respectivamente, nos números 2 e 3 do artigo 231 e no número 3 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.»

Sete. Modifícanse os parágrafos a) e b) do número 1 e o número 3 do artigo 47 do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, que quedan redactados nos termos seguintes:

«a) As leves, con perda de pensión durante un mes. No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, as infraccións leves sancionaranse conforme a seguinte escala:

- 1.<sup>a</sup> infracción. Perda dun mes de prestacións.
- 2.<sup>a</sup> infracción. Perda de tres meses de prestacións.
- 3.<sup>a</sup> infracción. Perda de seis meses de prestacións.
- 4.<sup>a</sup> infracción. Extinción de prestacións.

Aplicarase esta escala a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción leve e a anterior non transcorresen máis dos trescentos sesenta e cinco días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo da infracción.

b) As graves tipificadas no artigo 25, con perda da prestación ou pensión durante un período de tres meses, salvo as dos seus números 2 e 3, respectivamente, nas prestacións por incapacidade temporal e nas prestacións e subsidios por desemprego, nas que a sanción será de extinción da prestación.

No caso das prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, as infraccións graves tipificadas no número 2 do artigo 17 sancionaranse conforme a seguinte escala:

- 1.<sup>a</sup> infracción. Perda de tres meses de prestacións.
- 2.<sup>a</sup> infracción. Perda de seis meses de prestacións.
- 3.<sup>a</sup> infracción. Extinción de prestacións.

Aplicarase esta escala a partir da primeira infracción e cando entre a comisión dunha infracción grave e a anterior non transcorresen máis dos tres-

centos sesenta e cinco días que establece o artigo 41.1 desta lei, con independencia do tipo da infracción.»

«3. Non obstante as sancións anteriores, os traballadores que incorran en infraccións en materia de emprego, formación profesional, axudas para fomento de emprego e prestacións por desemprego de nivel contributivo ou asistencial, perderán os dereitos que como demandantes de emprego tivesen recoñecidos, quedando sen efecto a inscrición como desempregados.»

## CAPÍTULO V

### Modificacións que se introducen na Lei de procedemento laboral

**Artigo sexto.** *Modificación da Lei de procedemento laboral, texto refundido aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.*

Un. Modifícase o número 1 do artigo 110 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, que queda redactado nos termos seguintes:

«1. Se o despedimento se declara improcedente, condenarase o empresario á readmisión do traballador nas mesmas condicións que rexían antes de se produci-lo despedimento ou, á elección daquel, a que lle aboe unha indemnización, cunha contía que se fixará de acordo co previsto no número 1, parágrafo a), do artigo 56 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. A condena comprenderá, tamén, o aboamento da cantidade a que se refire o parágrafo b) do propio número 1, coas limitacións, de se-lo caso, previstas polo número 2 do dito artigo e sen prexuízo do establecido no seu artigo 57.

Nos despedimentos improcedentes de traballadores cunha relación laboral de carácter especial, a contía da indemnización será a establecida, de se-lo caso, pola norma que regule a dita relación especial.»

Dous. Introdúcese un novo artigo 145 bis, dentro do capítulo VI, «Da Seguridade Social», do título II do libro II do texto refundido da Lei de procedemento laboral, coa seguinte redacción:

«1. Cando a entidade xestora das prestacións por desemprego constata que, nos catro anos inmediatamente anteriores a unha solicitude de prestacións, o traballador percibiu prestacións por finalización de varios contratos temporais cunha mesma empresa, poderase dirixir de oficio á autoridade xudicial demandando que o empresario sexa declarado responsable do aboamento destas, salvo da prestación correspondente ó último contrato temporal, se a reiterada contratación temporal fose abusiva ou fraudulenta, así como a condena ó empresario á devolución á entidade xestora daquelas prestacións xunto coas cotizacións correspondentes.

Á comunicación, que terá a consideración de demanda, deberá selle xuntar unha copia do expediente ou expedientes administrativos en que se fundamente, e nela consignaranse os requisitos xerais esixidos pola presente lei para as demandas dos procesos ordinarios.

A comunicación poderase dirixir á autoridade xudicial no prazo dos tres meses seguintes á data

en que se formulase a última solicitude de prestacións en tempo e forma.

O disposto neste número non suporá a revisión das resolucións que recoñecesen o dereito ás prestacións por desemprego derivadas da finalización dos reiterados contratos temporais, que se considerarán debidas ó traballador.

2. O xuíz examinará a demanda antes de decreta-la súa admisión, para o efecto de comprobar se reúne tódolos requisitos esixidos, advertindo á entidade xestora, de se-lo caso, os defectos ou as omisións que presente, co fin de que sexan emendados no termo de dez días.

3. Admitida a trámite a demanda, continuará o procedemento conforme as normas xerais da presente lei, coas especialidades seguintes:

a) O empresario e o traballador que celebren os reiterados contratos temporais terán a consideración de parte no proceso, aínda que non poderán solicita-la suspensión do proceso nin o traballador desistir. Mesmo sen a súa asistencia, o procedemento seguirase de oficio.

b) As afirmacións de feitos que se conteñan na comunicación base do proceso farán fe, salvo proba en contrario, incumbindo a carga da proba ó empresario demandado.

4. A sentenza que estime a demanda da entidade xestora será inmediatamente executiva.

5. Cando a sentenza adquira firmeza comunicaráselle á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

No suposto de que con base na declaración de feitos probados que figure na sentenza a Inspección de Traballo e Seguridade Social estenda, de se-lo caso, unha acta de infracción, non será de aplicación o disposto no artigo 149.2 da presente lei.»

Tres. Introdúcese un número 4 no artigo 295 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, coa seguinte redacción:

«4. Nos supostos a que se refiren os números anteriores suspenderase o dereito á prestación por desemprego nos termos previstos na Lei xeral da Seguridade Social.»

**Disposición adicional primeira.** *Programa de renda activa de inserción.*

Un. O Programa de renda activa de inserción para o ano 2002 regúlase conforme as seguintes normas:

1.<sup>a</sup> Obxecto e competencia.

1. Este programa ten por obxecto regular para o ano 2002, dentro da acción protectora por desemprego, unha axuda específica denominada renda activa de inserción, dirixida ós desempregados con especiais necesidades económicas e dificultades para encontrar emprego, ós que se refire a norma 2.<sup>a</sup>

2. Correspóndelle ó Instituto Nacional de Emprego a xestión do Programa de renda activa de inserción, sen prexuízo das competencias de xestión das políticas activas de emprego que desenvolven este instituto ou a Administración autonómica correspondente, de acordo coa normativa de aplicación.

3. O Instituto Nacional de Emprego ou os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas poderán concertar convenios de colaboración coas entidades a que se refire a norma 13.<sup>a</sup> desta disposición adicional,

co fin de favorecer a recualificación, busca e acceso ó emprego dos beneficiarios do programa.

## 2.<sup>a</sup> Requisitos.

1. Poderán ser beneficiarios deste programa os traballadores desempregados menores de sesenta e cinco anos que, na data de solicitude de incorporación a el, reúnan os seguintes requisitos:

a) Ser maior de corenta e cinco anos.

b) Ser demandante de emprego inscrito ininterrompidamente como desempregado na oficina de emprego durante doce ou máis meses. Para estes efectos, considerárase interrompida a demanda de emprego por ter traballado nos trescentos sesenta e cinco días anteriores á data de solicitude de incorporación ó programa un período acumulado de noventa ou máis días.

c) Non ter dereito ás prestacións ou subsidios por desemprego.

d) Carecer de rendas, de calquera natureza, superiores en cómputo mensual ó 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

Computarase como renda o importe dos salarios sociais, rendas mínimas de inserción ou axudas análogas de asistencia social concedidas polas comunidades autónomas.

Consideraranse rendas as recollidas no artigo 215.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Para estes efectos, aínda que o solicitante careza de rendas, nos termos anteriormente establecidos, se ten cónxuxe e, ou fillos menores de vinteseis anos, ou maiores incapacitados ou menores acollidos, unicamente se entenderá cumprido o requisito de carencia de rendas cando a suma das rendas de tódolos integrantes da unidade familiar así constituída, incluído o solicitante, divididas polo número de membros que a compoñen non supere o 75 por 100 do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias.

2. Así mesmo, poderán ser beneficiarios do presente programa os traballadores desempregados que na data de solicitude de incorporación a el reúnan os seguintes requisitos:

a) Acredita-la condición de persoa con minusvalidez en grao igual ou superior ó 33 por 100 ou ter recoñecida unha incapacidade que supoña unha diminución na súa capacidade laboral da porcentaxe anteriormente indicada, sempre que se reúnan os requisitos esixidos no número 1 anterior, excepto o recollido no parágrafo a).

b) Ser traballador emigrante que, tendo retornado do estranxeiro, traballase, como mínimo, seis meses no estranxeiro desde a súa última saída de España, e estar inscrito como demandante de emprego, sempre que se reúnan os requisitos esixidos no número 1 anterior, excepto o recollido no parágrafo b).

c) Ter acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia doméstica por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia e estar inscrito como demandante de emprego, sempre que se reúnan os requisitos esixidos no número 1 anterior, excepto os recollidos nos parágrafos a) e b).

3. Poderán ser beneficiarios do presente programa os traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social das comunidades autónomas de

Andalucía e de Extremadura que na data de solicitude de incorporación a el reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar inscrito como demandante de emprego e reuni-los requisitos esixidos no número 1 anterior, excepto os recollidos nos parágrafos a) e b).

b) Reuni-los requisitos recollidos no artigo 2.1, parágrafos a), b), c) e e) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego a favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, e non ter dereito ó subsidio previsto no Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, por non ter sido beneficiario dese subsidio nalgún dos tres anos naturais inmediatamente anteriores á solicitude.

c) Ter permanecido inscrito no censo do réxime especial agrario da Seguridade Social e en situación de alta ou asimilada a ela, con carácter ininterrompido nos doce meses naturais inmediatamente anteriores á solicitude.

## 3.<sup>a</sup> O compromiso de actividade.

1. Os traballadores, ademais de reuniren os requisitos establecidos na norma 2.<sup>a</sup>, para seren beneficiarios do programa deberán solicitalo e subscribir, nesta data, un compromiso de actividade en virtude do cal realizarán as distintas actuacións que acorden os servizos públicos de emprego ou, de se-lo caso, as entidades que colaboren con eles, no plan persoal de inserción, que se desenvolverán mentres o traballador se mantéña incorporado ó programa.

2. Os servizos públicos de emprego ou, de se-lo caso, as entidades que colaboren con eles, aplicaranlles ós traballadores que subscribisen o compromiso de actividade as accións de inserción laboral, conforme o previsto na norma 7.<sup>a</sup> desta disposición adicional.

3. Os traballadores, para a súa incorporación e mantemento no programa, deberán cumprilas obrigas que implique o compromiso de actividade e aquelas que se concretan no plan persoal de inserción laboral, así como as seguintes:

a) Proporciona-la documentación e información precisa para a acreditación dos requisitos esixidos para a incorporación e o mantemento no programa.

b) Participar nos programas de emprego ou nas accións de inserción, orientación, promoción, formación ou reconversión profesionais, ou naquelas outras de mellora da ocupabilidade.

c) Acepta-la colocación adecuada que lles sexa ofrecida, considerándose como tal a definida no artigo 231.3 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

d) Renova-la demanda de emprego na forma e data que se determinen no documento de renovación da demanda e comparecer cando sexa previamente requirido ante o Instituto Nacional de Emprego ou ante os servizos públicos de emprego.

e) Comunica-las causas de baixa, perda de requisitos ou incompatibilidades no momento en que se produzan esas situacións.

f) Presentarse a cubri-la oferta de emprego e devolver ós servizos públicos de emprego, no prazo de cinco días, o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e na data indicados para cubri-las ofertas de emprego facilitadas por aqueles.

g) Reintegra-las cantidades da renda activa de inserción indebidamente percibidas.

h) Buscar activamente emprego.



#### 4.<sup>a</sup> Incorporación ó programa.

1. Para incorporarse ó programa, os traballadores deberán encontrarse en desemprego demandando emprego, solicita-la renda activa de inserción e reunir e acredita-los requisitos esixidos.

2. O Instituto Nacional de Emprego verificará o cumprimento dos requisitos esixidos nesta disposición adicional solicitando, de se-lo caso, o informe dos servizos públicos de emprego respecto ó de inscrición como demandante de emprego.

O Instituto Nacional de Emprego deberá dictar resolución motivada na que recoñeza ou denegue o dereito á admisión ó programa, no prazo dos quince días seguintes á data en que se formulase a solicitude.

Así mesmo, o Instituto Nacional de Emprego deberá comunica-la subscrición do compromiso de actividade e a admisión ó programa ós servizos públicos de emprego competentes para que desenvolvan as distintas accións de inserción laboral previstas na norma 7.<sup>a</sup> desta disposición adicional.

#### 5.<sup>a</sup> Baixa e reincorporación ó programa.

1. Causarán baixa definitiva no programa os traballadores incorporados nos que conorra algún dos feitos seguintes:

a) Incumprimento das obrigas que impliquen o compromiso de actividade e que se concretan no plan persoal de inserción laboral, salvo causa xustificada.

b) Non comparecer, logo de requirimento, ante o Instituto Nacional de Emprego ou ante os servizos públicos de emprego, non renova-la demanda de emprego na forma e datas que se determinen no documento de renovación da demanda, ou non devolver en prazo ós servizos públicos de emprego o correspondente xustificante de ter comparecido no lugar e na data indicados para cubri-las ofertas de emprego facilitadas polos ditos servizos, salvo causa xustificada.

c) Rexeitamento dunha oferta de colocación adecuada ou de participar en programas de emprego ou en accións de inserción, orientación, promoción, formación ou reconversión profesionais, salvo causa xustificada.

d) Cesamento voluntario nun traballo que viñese sendo compatible coa renda activa de inserción.

e) Pasar a ser pensionista de xubilación ou de incapacidade permanente nas súas modalidades contributiva e non contributiva.

f) Deixar de reuni-lo requisito de carencia de rendas.

g) Acceder a unha prestación por desemprego ou a un subsidio por desemprego.

h) Traslado ó estranxeiro, salvo o previsto no número 3 desta norma.

i) Renuncia voluntaria á renda activa de inserción.

j) Obter ou manter indebidamente a percepción da renda activa de inserción.

2. A realización dos traballos por conta allea ou propia previstos no número 4 da norma 8.<sup>a</sup> desta disposición adicional non suporá a baixa no programa durante o tempo en que o traballo poida ser compatible coa percepción da renda activa de inserción; non obstante, durante ese tempo non se esixirá o cumprimento das obrigas como demandante de emprego nin a participación en accións de inserción laboral.

Se se produce o cesamento no traballo citado, para mante-la percepción da renda activa de inserción o traballador deberá comunica-lo cesamento na oficina de emprego dentro dos quince días seguintes a este, acre-

dit-la súa involuntariedade e reactiva-lo compromiso de actividade.

A non comunicación nese prazo suporá a perda de tantos días de renda como medien entre o día seguinte ó do cesamento e o da comunicación.

No caso de cesamento en traballo temporal, a contía da renda percibirase na súa totalidade e da súa duración considerarase xa consumido a metade do período no que se compatibilizou a renda co traballo.

3. O traballo en contratos de inserción ou outros subvencionados polo Instituto Nacional de Emprego, así como o traslado ó estranxeiro durante o desenvolvemento do programa por un período inferior a seis meses para a realización de traballo ou perfeccionamento profesional, producirán a baixa temporal nel, sendo posible a reincorporación ó programa nos termos establecidos no número 3 da norma 6.<sup>a</sup>

4. As baixas e as reincorporacións ó programa serán resoltas polo Instituto Nacional de Emprego e comunicánselles ós servizos públicos de emprego competentes e estes, de se-lo caso, ás entidades que colaboren na xestión do programa, para os efectos que, en cada caso, correspondan, en relación coa continuidade ou non das distintas accións de inserción laboral previstas na norma 7.<sup>a</sup> desta disposición adicional.

5. Os traballadores que causen baixa definitiva no programa non poderán volver ser admitidos a el.

#### 6.<sup>a</sup> Tramitación do programa.

1. A solicitude de incorporación ó programa deberá presentarse na oficina de emprego que corresponda ó traballador e xunta-la documentación acreditativa de carecer de rendas, nos termos do parágrafo d) da norma 2.<sup>a</sup> desta disposición adicional, e para este efecto o solicitante presentará a declaración das rendas e, de se-lo caso, o Instituto Nacional de Emprego esixirá copia da declaración ou declaracións do imposto sobre a renda das persoas físicas, así como doutras declaracións tributarias, copia de recibos de salarios e copia de recibos de cobro de pensións ou de calquera outro documento acreditativo das rendas percibidas.

2. A tramitación das baixas no programa nos supostos previstos nos parágrafos a), b), c) e j) do número 1 da norma 5.<sup>a</sup> desta disposición adicional iniciarase coa información sobre os incumprimentos das obrigas ou das irregularidades que se detectasen. Como consecuencia disto, cursarase unha baixa cautelar no programa e daráselle audiencia ó interesado para que, no prazo de quince días, formule por escrito as alegacións que considere oportuno e, transcorrido este prazo, adoptárase a resolución que corresponda, nos quince días seguintes.

3. Producida a baixa no programa polas causas previstas no número 3 da norma 5.<sup>a</sup> desta disposición adicional, só se producirá a reincorporación a aquel por solicitude do interesado nos quince días seguintes ó cesamento no traballo, ou ó retorno a España, logo de reactivación do compromiso de actividade na data da solicitude. A solicitude fóra do prazo sinalado suporá a perda de tantos días de renda como medien entre o día seguinte ó do cesamento no traballo ou ó do retorno e o día da solicitude.

4. Para efectos de mante-la continuidade na percepción da renda activa de inserción prevista no parágrafo d) do número 4 da norma 8.<sup>a</sup> desta disposición adicional, o traballador deberá presentar na oficina de emprego unha comunicación na que conste a certificación do empresario, no modelo que determine o Instituto Nacional de Emprego, sobre a formalización do

contrato por tempo indefinido ou temporal e a tempo completo ou parcial.

5. As admisións, baixas e reincorporacións ó programa serán resoltas polo director provincial do Instituto Nacional de Emprego e serán susceptibles de recurso ante os órganos xurisdiccionais da orde social, logo de reclamación ante este instituto, na forma prevista no artigo 71 do texto refundido da Lei de procedemento laboral, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/1995, do 7 de abril.

7.<sup>a</sup> Desenvolvemento das accións de inserción laboral.

O programa comprende as seguintes accións de inserción laboral, que se manterán, complementándose entre si, mentres o traballador permaneza nel:

1. Titoría individualizada: a admisión ó programa suporá a asignación ó demandante de emprego dun titor de emprego que, durante todo o desenvolvemento do programa, lle prestará unha atención individualizada asesorándoo, acordando e realizando o seguimento e actualización, polo menos con carácter mensual, do seu itinerario de inserción laboral, propoñendo e avaliando as accións de mellora da súa ocupabilidade e informando, de se-lo caso, dos incumprimentos das obrigas establecidas no número 3 da norma 3.<sup>a</sup> desta disposición adicional, no momento en que se produzan, para os efectos previstos no número 1 da norma 5.<sup>a</sup> e no número 2 da norma 6.<sup>a</sup> desta disposición adicional.

2. Itinerario de inserción laboral: a partir da admisión ó programa e no prazo máximo de quince días, establecerase o desenvolvemento do itinerario de inserción laboral do demandante de emprego a través de:

a) A entrevista profesional. Mediante a entrevista, o titor de emprego completará e actualizará a información profesional sobre o demandante de emprego que xa figura nos servizos públicos de emprego e que resulte necesaria para definir con exactitude o seu perfil profesional.

b) A elaboración dun plan persoal de inserción laboral. En función das características persoais, profesionais e formativas detectadas na entrevista, o titor de emprego e o demandante de emprego establecerán un diagnóstico da situación do demandante e, de se-lo caso, o itinerario persoal de inserción laboral máis apropiado co calendario e as actividades que se vaian desenvolver.

3. Xestión de ofertas de colocación: o titor de emprego promoverá a participación do demandante de emprego nos procesos de selección para cubrir ofertas de colocación xestionadas polos servizos públicos de emprego ou polas entidades que colaboren con eles cando o seu perfil profesional cumpra cos requisitos presentados polo ofertante.

4. Incorporación a plans de emprego ou formación: se no prazo dos corenta e cinco días seguintes á admisión no programa o traballador non se reincorporou a un traballo, os servizos públicos de emprego ou as entidades que colaboren con eles, en función das súas disponibilidades e atendendo ó itinerario que se determinase como máis adecuado para a súa inserción laboral, xestionarán, con carácter prioritario sobre outros colectivos, a incorporación do demandante nalgún dos seguintes plans ou programas:

a) Plan nacional de formación e inserción profesional, para lle proporcionar ó traballador as cualificacións requiridas polo sistema productivo e conseguila súa

inserción laboral, cando careza de formación profesional específica ou a súa cualificación resulte insuficiente ou inadecuada. A participación do demandante neste programa regularase polo previsto no Plan nacional de formación e inserción profesional.

b) Programa de obradoiros de emprego, ou de escolas obradoiro e casas de oficios para a adquisición da formación profesional e a práctica laboral necesaria que facilite a reincorporación ó mercado de traballo. A participación do demandante nun obradoiro de emprego e, de se-lo caso, en escolas obradoiro e casas de oficios rexerase pola súa normativa específica.

c) Plans de emprego preferentemente para a contratación de desempregados na realización de obras e servizos de interese xeral e social, para lle proporcionar ó desempregado a adquisición de práctica profesional adecuada. A participación dos traballadores nos plans de emprego rexerase pola normativa que regula a concesión de subvencións do Instituto Nacional de Emprego, no ámbito da colaboración coas corporacións locais e pola normativa que regula a concesión de subvencións do Instituto Nacional de Emprego no ámbito da colaboración con órganos da Administración xeral do Estado e cos seus organismos autónomos, comunidades autónomas, universidades e institucións sen ánimo de lucro, sen prexuízo da súa inclusión nos programas propios doutras administracións.

d) Outras actuacións que incrementen as posibilidades de inserción laboral, tales como as accións de apoio á busca de emprego e as de información e asesoramento para o autoemprego.

e) Programa de fomento de emprego agrario, establecido no Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, respecto ós traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social ós que se refire o número 3 da norma 2.<sup>a</sup> do número un desta disposición. A participación dos traballadores no programa rexerase pola súa normativa específica.

5. Incorporación a accións de voluntariado: os traballadores admitidos ó programa poderán incorporarse, voluntariamente, ás accións de voluntariado reguladas na Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, ou nas correspondentes normas dictadas polas comunidades autónomas.

A incorporación ás accións citadas realizarase sen prexuízo do desenvolvemento das accións de inserción laboral adecuadas.

8.<sup>a</sup> A renda activa de inserción.

Os traballadores, como consecuencia da súa admisión e mantemento no programa conforme o previsto nesta disposición adicional, terán recoñecida e poderán percibi-la renda activa de inserción, de acordo co establecido nos seguintes números.

1. Percepción da renda:

a) A renda activa de inserción percibirase transcorrido un período de tres meses, destinado a iniciar a aplicación das políticas activas de emprego previstas na norma 7.<sup>a</sup> anterior, contado desde a data de solicitude de incorporación ó programa, e manterase ata esgotar a súa duración mentres o traballador continúe nel.

b) O nacemento e o mantemento da percepción da renda activa de inserción comporta a obrigada participación do desempregado nalgunha das accións que lle sexan ofrecidas conforme o previsto na norma 7.<sup>a</sup> anterior.

2. Contía e duración da renda:

a) A contía da renda será igual ó 75 por cento do salario mínimo interprofesional vixente en cada momen-

to, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias. Durante a percepción da renda activa de inserción non existirá obriga por parte do Instituto Nacional de Emprego de cotizar á Seguridade Social por ningunha continxencia.

b) A duración máxima da percepción da renda será de dez meses.

c) A duración máxima da percepción da renda para os traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, ós que se refire o número 3 da norma 2.<sup>a</sup> do número un desta disposición, menores de cincuenta e dous anos será de seis meses, e para os maiores de cincuenta e dous anos será de dez meses.

d) As vítimas da violencia doméstica, ás que se refire o parágrafo c) do número 2 da norma 2.<sup>a</sup> do punto un desta disposición, que se visen obrigadas e acrediten cambio da súa residencia, poderán percibir nun pagamento único unha axuda suplementaria de tres meses de renda activa de inserción, sen que isto minore a duración desta renda, e sen aplicación, de se-lo caso, do período de tres meses establecido no parágrafo a) do número 1 desta norma 8.<sup>a</sup>

3. A renda activa de inserción será incompatible:

a) Coa obtención de rendas de calquera natureza que fagan supera-los límites establecidos, non computándose para eses efectos as rendas que proveñan dos traballos ou accións realizados polo beneficiario e recollidos no número 4 desta norma.

b) Coa percepción das prestacións ou dos subsidios por desemprego.

c) Coas pensións ou prestacións de carácter económico da Seguridade Social que sexan incompatibles co traballo.

d) Con salarios que proveñan de contratos de inserción ou outros subvencionados polo Instituto Nacional de Emprego.

4. A renda activa de inserción será compatible:

a) Coas bolsas e axudas, de calquera natureza, que se puidesen obter pola asistencia a accións de formación profesional vinculadas ó Plan nacional de formación e inserción profesional.

b) Co traballo a tempo parcial, caso no que se deducirá do importe da renda a parte proporcional ó tempo traballado, aplicándose o establecido no parágrafo d) seguinte.

c) Co traballo autónomo ou por conta propia.

d) Co traballo por conta allea de carácter temporal ou indefinido, a tempo completo, caso no que o empresario, durante o tempo que quede por percibi-la renda, terá cumprida a obriga do pagamento do salario que lle corresponda ó traballador completando a contía da renda ata o importe do dito salario, sendo así mesmo responsable da cotización á Seguridade Social, que se realizará polo salario indicado, incluíndo o importe da renda activa de inserción.

O anterior non se aplicará ós contratos de inserción ou outros subvencionados polo Instituto Nacional de Emprego.

Cando se trate de traballo de carácter temporal, durante a súa realización, a contía da renda activa de inserción que se lle aboe ó traballador reducirase á metade, e o período da renda pendente por percibir mentres se compatibiliza co traballo ampliarase ó dobre.

e) Coas accións de voluntariado recollidas no número 5 da norma 7.<sup>a</sup> desta disposición.

5. Pagamento e control da renda:

a) O Instituto Nacional de Emprego efectuará o pagamento da renda, que se realizará por mensualidades de trinta días dentro do mes inmediato seguinte ó que corresponde o devengo. No primeiro pagamento descontarase o importe dos dez primeiros días, que se regularizarán cando se cause baixa no programa ou cando se esgote a duración da renda.

b) Tamén lle corresponderá ó Instituto Nacional de Emprego o control de requisitos e incompatibilidades; a revisión de oficio das resolucións administrativas erróneas; a esixencia da devolución das cantidades indebidamente percibidas; así como efectuar as compensacións ou descontos nas prestacións por desemprego ou na renda activa de inserción das cantidades indebidamente percibidas por calquera das ditas percepcións, todo isto nos mesmos termos fixados para as prestacións por desemprego.

9.<sup>a</sup> Competencias.

1. As comunidades autónomas que asumisen o traspaso da xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego ou, de se-lo caso, polo Instituto Social da Mariña, no ámbito do traballo, o emprego e a formación, desenvolverán as políticas activas de emprego para o cumprimento da presente disposición adicional, de conformidade co previsto nos reais decretos de traspaso.

2. O Instituto Social da Mariña exercerá as competencias atribuídas ó Instituto Nacional de Emprego relativas á xestión do programa de renda activa de inserción cando se lles aplique ós desempregados procedentes do réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

10.<sup>a</sup> Colaboración e coordinación entre as administracións.

1. As comunidades autónomas ás que se refire a norma 9.<sup>a</sup> anterior e o Instituto Nacional de Emprego ou, de se-lo caso, o Instituto Social da Mariña poderán establecer convenios de colaboración para desenvolver as actuacións necesarias para o cumprimento do previsto nesta disposición adicional.

2. As comunidades autónomas citadas proporcionaranlle información ó Instituto Nacional de Emprego ou, de se-lo caso, ó Instituto Social da Mariña sobre os demandantes de emprego atendidos nas distintas accións do programa e sobre as reincorporacións ó traballo, ou a plans de emprego e formación, así como sobre os incumprimentos das obrigas que se detectasen, informando sobre eles no momento en que se produzan.

3. O Instituto Nacional de Emprego ou, de se-lo caso, o Instituto Social da Mariña proporcionaranlle ás devanditas comunidades autónomas información sobre as admisións, baixas e reincorporacións dos traballadores ó programa no momento en que se produzan.

4. O seguimento e avaliación do programa a nivel nacional corresponderalle ó Instituto Nacional de Emprego.

11.<sup>a</sup> Financiamento.

1. O financiamento das accións en materia de políticas activas de emprego efectuarase a través das subvencións previstas para os distintos programas de emprego ou formación. As comunidades autónomas con competencias asumidas en políticas activas de emprego deberán realiza-la reserva e a afectación que corresponda das subvencións que xestionen para a execución do programa.



2. O financiamento da renda activa de inserción será o que corresponda á acción protectora por desemprego con cargo á aplicación orzamentaria 19.101.312-A.488.

#### 12.<sup>a</sup> Servicios públicos de emprego.

1. As referencias efectuadas na presente norma ós servicios públicos de emprego entenderanse realizadas ó Instituto Nacional de Emprego e ós correspondentes servicios públicos de emprego das comunidades autónomas que teñan asumido o traspaso de funcións e servicios en materia de xestión do traballo, o emprego e a formación.

2. Así mesmo, as referencias efectuadas na presente disposición adicional ás oficinas de emprego entenderanse realizadas ás oficinas do Instituto Nacional de Emprego e ás oficinas dos correspondentes servicios públicos de emprego das comunidades autónomas citadas.

13.<sup>a</sup> Entidades autorizadas a colaborar na xestión do programa.

1. Os servicios públicos de emprego, logo de subscrición do oportuno convenio, poderán autoriza-la colaboración de entidades para a realización, entre outras, das accións previstas na norma 7.<sup>a</sup> da presente disposición adicional, e que son obxecto do compromiso de actividade co demandante admitido ó programa.

Os convenios de colaboración terán por obxecto incrementa-la capacidade de ocupación e a integración laboral dos demandantes de emprego admitidos ó programa da renda activa de inserción.

Para os efectos do establecido nesta disposición adicional, poderán subscribir convenios de colaboración as entidades que dispoñan dos medios adecuados para o desenvolvemento das accións de inserción contidas no convenio, acrediten resultados previos de integración laboral e se comprometan a conseguila inserción laboral de, polo menos, o 25 por cento dos demandantes de emprego atendidos durante o desenvolvemento do programa.

En consecuencia, as entidades autorizadas coas que se subscriba o oportuno convenio de colaboración quedarán habilitadas para o desenvolvemento tanto das accións que en cada caso sexan máis apropiadas para a mellora da ocupabilidade como da intermediación dos demandantes admitidos ó programa.

2. Os servicios públicos de emprego tamén poderán obter axuda dos servicios sociais de base para completar as accións de inserción laboral con accións de inserción social.

14.<sup>a</sup> Traballadores admitidos a programas anteriores de renda activa de inserción.

Os traballadores que fosen beneficiarios do programa establecido no Real decreto 236/2000, do 18 de febreiro, ou do programa establecido no Real decreto 781/2001, do 6 de xullo, non poderán ser admitidos ó programa que se establece na presente disposición adicional.

Dous. O programa regulado na presente disposición adicional producirá efectos ata o 31 de decembro de 2002, sen prexuízo de que as accións e percepcións derivadas do programa iniciadas previamente poidan concluírse ou percibirse con posterioridade a esa data.

Os traballadores só poderán ser admitidos ó programa e obter, de se-lo caso, o recoñecemento da renda activa de inserción, logo de solicitude, a partir do día 26 de maio de 2002 e ata o día 31 de decembro do mesmo ano.

Os traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, ós que se refire o número 3 da

norma 2.<sup>a</sup> do número un desta disposición, só poderán ser admitidos ó programa e obter, de se-lo caso, o recoñecemento da renda activa de inserción se o solicitan a partir da data de entrada en vigor desta lei e ata o día 31 de marzo de 2003.

#### **Disposición adicional segunda.** *Colaboración da Administración tributaria.*

A Administración tributaria colaborará coa entidade xestora das prestacións por desemprego, nos termos establecidos na disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, no parágrafo c) do número 1 do artigo 113 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, e no artigo 31 da Lei 42/1994, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, facilitándolle a información tributaria necesaria para o cumprimento das súas funcións en materia de xestión e control das prestacións e subsidios por desemprego.

#### **Disposición adicional terceira.** *Subvencións do Programa de fomento do emprego e as campañas agrícolas.*

As axudas recollidas no Programa de fomento do emprego agrario para a realización de obras e servicios de interese xeral e social non poderán ter como beneficiarios finais os traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, mentres existan campañas agrícolas ás que estes poidan acceder por tratarse dun emprego adecuado.

Regulamentariamente, determinarase o órgano de participación institucional no que se delimiten as campañas agrícolas e o seu calendario de execución.

#### **Disposición adicional cuarta.** *Protección por desemprego de traballadores fixos de carácter discontinuo.*

A protección por desemprego dos traballadores fixos de carácter discontinuo derivada do disposto no artigo 208.1.4 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social será de aplicación tanto ós traballadores con contratos de fixo discontinuo concertados antes do 4 de marzo de 2001 de conformidade co artigo 12.3.a) do Estatuto dos traballadores, na súa redacción anterior ó Real decreto lei 5/2001, do 2 de marzo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, coma ós traballadores con contratos de fixos discontinuos concertados con posterioridade a dita data.

#### **Disposición adicional quinta.** *Contratación estable por traballadores autónomos.*

1. Modifícase o parágrafo i) do número 1.1 do artigo cuarto da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, que queda redactado nos termos seguintes:

«i) Mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vintecatro meses seguintes á data do parto.»

2. Modifícase o número 1.2 do artigo cuarto da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma

do mercado de traballo para o incremento do emprego e a mellora da súa calidade, que queda redactado nos seguintes termos:

«1.2 Os traballadores incluídos no campo de aplicación do réxime especial da Seguridade Social de traballadores autónomos, dados de alta nel polo menos desde o 1 de xaneiro de 2001, que contraten indefinidamente, incluída a contratación de traballadores fixos descontínuos, traballadores desempregados inscritos na oficina de emprego, incluídos nalgún dos colectivos do número anterior.»

3. Modifícanse os parágrafos h) e i) do número 1 do artigo sexto da Lei 12/2001, do 9 de xullo, de medidas urxentes de reforma do mercado de traballo para o incremento do emprego e mellora da súa calidade, que quedan redactadas nos termos seguintes:

«h) Contratación de desempregados admitidos no programa que contempla a axuda específica denominada renda activa de inserción: 65 por 100 durante os vintecatros meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato; 45 por 100 durante o resto da súa vixencia no caso de traballadores maiores de corenta e cinco anos e ata os cincuenta e cinco; ou 50 por 100 durante o resto da súa vixencia no caso de traballadores maiores de cincuenta e cinco anos e ata os sesenta e cinco.»

«i) Contratación de mulleres desempregadas inscritas na oficina de emprego que sexan contratadas nos vintecatros meses seguintes á data de parto: 100 por 100 durante os doce meses seguintes ó inicio da vixencia do contrato.»

4. A disposición adicional quinta da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, queda redactada nos termos seguintes:

«Disposición adicional quinta. *Fomento do emprego de discapacitados.*

As subvencións e bonificacións previstas no capítulo II do Real decreto 1451/1983, do 11 de maio, polo que, en cumprimento do previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, se regula o emprego selectivo e as medidas de fomento do emprego dos traballadores minusválidos, non se aplicarán nos seguintes supostos:

a) Contratacións realizadas con traballadores que, nos vintecatros meses anteriores á data da contratación, prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato por tempo indefinido.

O disposto no parágrafo precedente será tamén de aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador con empresas ás que a solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 da Lei do Estatuto dos traballadores.

b) Traballadores que finalizasen a súa relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato.»

**Disposición adicional sexta.** *Protección por desemprego dos socios traballadores e de traballo das cooperativas.*

1. Incorpórase unha disposición adicional terceira ó Real decreto 1043/1985, do 19 de xuño, polo que

se amplía a protección por desemprego ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado, que queda redactada nos termos seguintes:

«Terceira. Os socios traballadores das cooperativas de explotación comunitaria da terra, así como os socios de traballo a que se refire o número 4 do artigo 13 da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, terán dereito á protección por desemprego nas mesmas condicións establecidas para os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado.»

2. Modifícase o establecido no parágrafo a) do artigo 3 do Real decreto 1043/1985, do 19 de xuño, polo que se amplía a protección por desemprego ós socios traballadores de cooperativas de traballo asociado, que queda redactada nos termos seguintes:

«a) No suposto de expulsión do socio será necesaria a notificación do acordo de expulsión por parte do consello rector da cooperativa, indicando a súa data de efectos, ou, de se-lo caso, a acta de conciliación xudicial ou a resolución definitiva da xurisdicción competente que declare expresamente a improcedencia da expulsión.»

**Disposición adicional sétima.** *Réxime aplicable, para efectos da Seguridade Social, ás vacacións retribuídas e non gozadas.*

Modifícase o número 1 do artigo 125 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A situación legal de desemprego total durante a que o traballador perciba a prestación por tal continxencia será asimilada á de alta. Así mesmo, terá a consideración de situación asimilada á de alta, con cotización, salvo no que respecta ó subsidio por risco durante o embarazo, a situación do traballador durante o período correspondente a vacacións anuais retribuídas que non fosen gozadas con anterioridade á finalización do contrato.»

**Disposición adicional oitava.** *Actualización do programa de fomento do emprego.*

1. Engádeselle un novo número 4 ó número 1 do artigo cuarto da Lei 12/2001, do 9 de xullo, co seguinte teor literal:

«1.4 As cooperativas ou sociedades laborais ás que se incorporen desempregados incluídos nalgún dos colectivos establecidos nos números 1 e 3 deste primeiro número, como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e sempre que a entidade optase por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.»

2. Engádeselle un novo número 8 ó artigo sexto da Lei 12/2001, do 9 de xullo, co seguinte teor literal:

«8. A incorporación ás cooperativas ou sociedades laborais como socios traballadores ou de traballo, con carácter indefinido e encadrados nun réxime por conta allea de Seguridade Social que se produza ata o 31 de decembro de 2002, dará dereito a partir da data da incorporación ás bonificacións da cota empresarial á Seguridade Social

por continxencias comúns establecidas nos números 1, 3, 4 e 5 deste artigo, segundo o colectivo ó que pertenza o desempregado incorporado.»

3. Modifícase o artigo sétimo da Lei 12/2001, do 9 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo sétimo. *Concorrenza de bonificacións.*

No suposto en que a contratación indefinida dun traballador desempregado ou a súa incorporación como socio traballador ou socio de traballo a unha cooperativa ou sociedade laboral formalizada en virtude deste programa de fomento de emprego puidese dar lugar asemade á súa inclusión en máis dun dos supostos para os que están previstas bonificacións, só será posible aplicalas respecto dun deles, correspondéndolle a opción ó beneficiario das deducións previstas nesta norma.

Non obstante o sinalado no parágrafo anterior, as bonificacións nas cotizacións previstas para os contratos indefinidos con traballadores de sesenta ou máis anos e cunha antigüidade na empresa de cinco ou máis anos serán compatibles coas bonificacións establecidas con carácter xeral nos programas de fomento de emprego e serán por conta do Instituto Nacional de Emprego, sen que en ningún caso a suma das bonificacións aplicables poida supera-lo 100 por 100 sen prexuízo, de se-lo caso, do disposto no artigo 112 bis do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.»

4. Engádeselle un novo parágrafo e) ó número 1 do artigo oitavo da Lei 12/2001, do 9 de xullo, co seguinte teor literal:

«e) Incorporacións de socios traballadores ou de traballo a cooperativas ou sociedades laborais cando mantivesen un vínculo contractual previo con estas sociedades superior ós doce meses.»

**Disposición adicional novena.** *Bonificación de cotas á Seguridade Social para contratos de interinidade cos que se substitúan baixas por incapacidade temporal de discapacitados.*

Os contratos de interinidade que se formalicen con persoas minusválidas desempregadas, para substituír traballadores e traballadoras minusválidos que teñan suspendido o seu contrato de traballo por incapacidade temporal durante o período que persista esta situación, darán dereito a unha bonificación do 100 por 100 das cotas empresariais da Seguridade Social, incluídas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e nas contribucións empresariais das cotas de recadación conxunta.

**Disposición adicional décima.** *Formación teórica de discapacitados psíquicos contratados para a formación.*

Incorpórase un novo parágrafo ó final do artigo 11.2.e) da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, con esta redacción:

«Cando o traballador contratado para a formación sexa unha persoa con discapacidade psíquica, a formación teórica poderá substituírse, total ou parcialmente, logo de informe dos equipos multiprofesionais de valoración correspondentes, pola

realización de procedementos de rehabilitación ou de axuste persoal e social nun centro psicosocial ou de rehabilitación sociolaboral.»

**Disposición adicional undécima.** *Bonificación de cotas á Seguridade Social para as persoas minusválidas que se establezan como traballadores por conta propia.*

As persoas minusválidas que se establezan como traballadores por conta propia, vinculados a un proxecto de autoemprego aprobado pola Administración competente, beneficiaranse durante os tres anos seguintes á dita aprobación dunha bonificación do 50 por 100 da cota correspondente á base de cotización mínima establecida polo réxime especial da Seguridade Social de traballadores por conta propia ou autónomo.

**Disposición adicional duodécima.** *Modificación da Lei 40/1998, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias.*

O parágrafo e) do artigo 7 da Lei 40/1998 queda redactado nos seguintes termos:

«e) As indemnizacións por despedimento ou cesamento do traballador, na contía establecida con carácter obrigatorio no Estatuto dos traballadores, na súa normativa de desenvolvemento ou, de se-lo caso, na normativa reguladora da execución de sentencias, sen que poida considerarse como tal a establecida en virtude de convenio, pacto ou contrato.

Cando se extinga o contrato de traballo con anterioridade ó acto de conciliación, estarán exentas as indemnizacións por despedimento que non excedan da que tería correspondido no caso de que este fose declarado improcedente, e non se trate de extincións de mutuo acordo no marco de plans ou sistemas colectivos de baixas incentivadas.»

**Disposición transitoria primeira.** *Extincións de contratos.*

As extincións de contratos producidas con anterioridade á data de entrada en vigor da presente lei rexeranse, no que se refire ós seus aspectos substantivo e procesual, polas disposicións vixentes na data en que tivesen lugar as ditas extincións.

**Disposición transitoria segunda.** *Acreditación de determinadas situacións legais de desemprego.*

A existencia de situación legal de desemprego nos supostos recollidos no artigo 208.1.1.b), c) e d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola presente lei, ata tanto se desenvolva regulamentariamente este artigo, acreditará o traballador na forma seguinte:

1. No caso de extinción do contrato por morte, xubilación ou incapacidade do empresario individual, mediante:

a) A comunicación escrita do empresario, dos seus herdeiros ou representante legal na que se lle notifique ó traballador a extinción da relación laboral por algunha das ditas causas.

b) A acta de conciliación administrativa ou xudicial, ou a resolución xudicial definitiva, nos termos fixados no número 2.b) seguinte.



2. No caso de despedimento, mediante:

a) A notificación por escrito a que se refire o artigo 55.1 do Estatuto dos traballadores. En defecto desta notificación, a acreditación realizarase mediante algún dos documentos previstos no parágrafo b) seguinte ou, de se-lo caso, mediante certificado de empresa ou informe da Inspección de Traballo e Seguridade Social nos que consten o cesamento involuntario na prestación de traballo e a súa data de efectos, ou a acta de conciliación administrativa na que conste que o traballador impugna o despedimento e o empresario non comparece.

b) A acta de conciliación administrativa ou xudicial ou a resolución xudicial definitiva na que se declare a procedencia ou improcedencia do despedimento. No suposto de improcedencia, deberá tamén acreditarse que o empresario, ou o traballador cando sexa representante legal dos traballadores, non optou pola readmisión.

3. No caso de despedimento baseado en causas obxectivas, mediante:

a) A comunicación escrita ó traballador nos termos previstos no artigo 53 do Estatuto dos traballadores.

b) A acta de conciliación administrativa ou xudicial ou a resolución xudicial definitiva nos termos fixados no número 2.b) anterior.

**Disposición transitoria terceira.** *Indemnizacións derivadas de expedientes de regulación de emprego.*

1. Para efectos do recoñecemento dos subsidios por desemprego e non obstante o establecido no artigo 215.3.2 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, non se computarán como renda nin o importe da indemnización por extinción do contrato de traballo derivada de expediente de regulación de emprego autorizado mediante resolución da autoridade laboral, nin as prestacións públicas, consecuencia de tal expediente, que teñan como obxecto repoñer a parte de prestación por desemprego contributiva que o traballador tivese consumida na data de extinción do seu contrato ou contribuír ó financiamento dun convenio especial coa Seguridade Social ou atender situacións de urxencia e necesidade sociolaboral que permitan facilitar os procesos de reestructuración de empresas que puidesen comportar o cesamento total ou parcial das mesmas ou contribúan ó mantemento do emprego, sempre que o expediente se iniciase con anterioridade ó 26 de maio de 2002, e este expediente fose a causa de acceso á prestación por desemprego contributiva o esgotamento da cal permite o acceso ó subsidio.

O disposto no parágrafo anterior será igualmente de aplicación cando o expediente, mesmo iniciado con posterioridade ó 26 de maio de 2002, traia causa de plans en sectores en reestructuración no ámbito da Unión Europea aprobados antes da dita data.

Tamén se aplicarán as devanditas regras nos supostos en que as prestacións ou os subsidios que procedan pola extinción dos contratos de traballo a que se refiren os parágrafos anteriores se suspendan ou se extingan por realizalo beneficiario un traballo de duración inferior á establecida no artigo 212.1.d), ou igual ou superior á establecida no artigo 213.1.d) do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, cando neste último caso se opte pola reapertura do dereito inicial.

2. O establecido no número anterior será así mesmo aplicable cando, tratándose de expedientes de regulación de emprego iniciados a partir do 26 de maio de 2002, os traballadores afectados percibisen presta-

cións por desemprego como consecuencia de expedientes de suspensión de contratos pola mesma causa iniciados nos vinte e catro meses anteriores á dita data.

**Disposición transitoria cuarta.** *Programa de fomento de emprego en economía social e emprego autónomo.*

1. En aplicación do disposto no número 3 do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada por esta lei, manterase o previsto no Real decreto 1044/1985, do 19 de xuño, polo que se establece o aboamento da prestación por desemprego na súa modalidade de pagamento único, incluídas as modificacións incorporadas por normas posteriores, no que non se opoña ás regras seguintes:

1.<sup>a</sup> A entidade xestora poderá aboa-lo valor actual do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo ós beneficiarios de prestacións cando pretendan incorporarse, de forma estable e a tempo completo, como socios traballadores ou de traballo, en cooperativas ou en sociedades laborais nas que previamente non cesasen, ou constituílas, ou cando estes beneficiarios pretendan constituírse como traballadores autónomos e se trate de persoas con minusvalidez igual ou superior ó 33 por 100.

Nestes supostos, o aboamento da prestación realizarase dunha soa vez polo importe que corresponda á achega obrigatoria establecida con carácter xeral en cada cooperativa, ou ó da adquisición de accións ou participacións do capital social nunha sociedade laboral, en ámbolos casos no necesario para acceder á condición de socio, ou ó investimento necesario para desenvolver a actividade no caso de traballadores autónomos con minusvalidez.

Aboarase como pagamento único a contía da prestación, calculada en días completos, da que se deducirá o importe relativo ó xuro legal do diñeiro.

Non obstante, se non se obtén a prestación polo seu importe total, o importe restante poderase obter conforme o establecido na regra 2.<sup>a</sup> seguinte.

Así mesmo, o beneficiario de prestacións nos supostos citados no parágrafo primeiro poderá optar por obter toda a prestación pendente por percibir conforme o establecido na regra 2.<sup>a</sup> seguinte.

2.<sup>a</sup> A entidade xestora poderá aboar trimestralmente o importe da prestación por desemprego de nivel contributivo para subvencionar a cotización do traballador á Seguridade Social, e neste suposto:

a) A contía da prestación que se aboará corresponderá ó importe da achega íntegra do traballador á Seguridade Social, calculada en días completos de prestación.

b) O aboamento será realizado trimestralmente pola entidade xestora, logo de presentación polos traballadores dos correspondentes documentos acreditativos da cotización.

3.<sup>a</sup> O previsto nas regras 1.<sup>a</sup> e 2.<sup>a</sup> tamén será de aplicación ós beneficiarios da prestación por desemprego de nivel contributivo que pretendan constituírse como traballadores autónomos e non se trate de persoas con minusvalidez igual ou superior ó 33 por 100.

No caso da regra 1.<sup>a</sup>, o aboamento dunha soa vez realizarase polo importe que corresponde ó investimento necesario para desenvolver a actividade, incluído o importe das cargas tributarias para o inicio da actividade, co límite máximo do 20 por 100 do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo pendente de percibir.

2. O Goberno poderá modificar, mediante real decreto, o establecido no número 1 anterior.

**Disposición transitoria quinta.** *Compatibilidade do subsidio por desemprego co traballo por conta allea.*

En aplicación do previsto no parágrafo primeiro do número 4 do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada por esta lei, aplicarase o seguinte:

1. Poderán compatibilizalos subsidios por desemprego co traballo por conta allea en aplicación do previsto no parágrafo primeiro do número 4 do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social os traballadores desempregados maiores de cincuenta e dous anos, inscritos nas oficinas de emprego, beneficiarios de calquera dos subsidios recollidos no artigo 215 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

A aplicación do programa regulado na presente disposición transitoria será voluntaria para os traballadores desempregados a que se refire o parágrafo anterior.

2. Para efectos de aplicar este réxime de compatibilidade, os traballadores deberán ser contratados a tempo completo e de forma indefinida ou temporal, sempre que a duración do contrato sexa superior a tres meses.

3. As axudas que poderán recibirlos beneficiarios do subsidio e mailas empresas que os contraten serán as seguintes:

3.1 Aboamento mensual ó traballador do 50 por 100 da contía do subsidio, durante a vixencia do contrato, co límite máximo do dobre do período pendente de percibir do subsidio, e sen prexuízo da aplicación das causas de extinción do dereito previstas nos parágrafos a), e), f), g) e h) do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

3.2 Aboamento ó traballador, nun só pagamento, de tres meses da contía do subsidio se o traballo que orixina a compatibilidade obriga o beneficiario a cambiar de lugar habitual de residencia.

3.3 Bonificación do 50 por 100 da cota empresarial á Seguridade Social por continxencias comúns, no caso de contratación temporal, cun máximo de doce meses.

3.4 Bonificación que corresponda en caso de contratación indefinida segundo a regulación vixente do Programa anual de fomento do emprego, ou noutras disposicións vixentes, sempre que o contrato suscrito cumpra os requisitos establecidos en cada caso.

4. O aboamento mensual a que se refire o número 3.1 anterior percibirao o traballador da entidade xestora das prestacións durante o tempo establecido no dito número, descontando, de se-lo caso, o período de tres meses de subsidio da axuda á mobilidade xeográfica prevista no número 3.2 anterior, equivalente a seis meses de aboamento do subsidio no réxime de compatibilidade sinalado.

O empresario, durante este tempo, terá cumprida a obriga do pagamento do salario que corresponde ó traballador, completando a contía do subsidio recibido polo traballador ata o importe deste salario, sendo así mesmo responsable das cotizacións á Seguridade Social por tódalas continxencias e polo total do salario indicado incluíndo o importe do subsidio.

5. Nos supostos de non reunirse os requisitos esixidos, procederá a devolución das cantidades indebidamente percibidas durante o período de contratación.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, poderase aplicar-lo establecido no número 1 do artigo 227 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, respecto ó reintegro de prestacións do pagamento das cales será directamente responsable o empresario.

6. No caso de cesamento no traballo, e sempre que non se reúnan os requisitos de acceso á prestación contributiva por desemprego, nin se esgotase a duración do subsidio, para mante-la súa percepción o traballador deberá comunica-lo cesamento na oficina de emprego dentro dos quince días seguintes a este e reactiva-lo compromiso de actividade, obtendo, sempre que se reúnan os requisitos esixidos para o efecto, o citado subsidio polo total da súa contía; en tal caso considerarase como período consumido de dereito a metade do período no que se compatibilizou o subsidio co traballo.

A non comunicación en prazo suporá a perda de tantos días de subsidio como medien entre o día seguinte ó do cesamento no traballo e o día da súa comunicación.

7. Non se aplicará a compatibilidade prevista nesta disposición cando se trate de contratos de inserción ou de contratos subvencionados polo Instituto Nacional de Emprego ó abeiro do Programa de fomento de emprego agrario, establecido no Real decreto 939/1997, do 20 de xuño, ou cando a contratación sexa efectuada por:

a) Empresas que teñan autorizado expediente de regulación de emprego no momento da contratación.

b) Empresas nas que o desempregado beneficiario do subsidio por desemprego traballase nos últimos doce meses.

Tampouco se aplicará a compatibilidade prevista neste programa cando se trate de contratacións que afecten o cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade ou, de se-lo caso, por adopción, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou dos que desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das entidades ou das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos.

8. Tamén poderán compatibilizar voluntariamente o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, regulado polo Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, co traballo por conta allea os traballadores desempregados maiores de cincuenta e dous anos, inscritos nas oficinas de emprego e beneficiarios deste subsidio, nos mesmos termos regulados nos números anteriores, coas excepcións seguintes:

8.1 Se o traballo por conta allea está encadrado no réxime especial agrario da Seguridade Social:

a) No suposto de que a contratación fose de carácter temporal non se aplicará o límite de tres meses establecido no número 2 anterior.

b) A contratación poderana facer empresas nas que o desempregado beneficiario do subsidio traballase nos últimos doce meses.

c) Non corresponde a bonificación establecida no número 3.3 anterior.

d) O empresario será responsable da cotización por xornadas reais ó réxime especial agrario da Seguridade Social polas continxencias que correspondan.

e) A entidade xestora aboaralle ó traballador o 50 por 100 do importe da cota fixa ó réxime especial agrario da Seguridade Social durante a vixencia do contrato.

8.2 Se o traballador mantén o traballo por conta allea, con independencia do réxime de Seguridade Social no que estea encadrado, cando se cumpra un ano desde o nacemento do dereito ó subsidio non se producirá a súa extinción, establecida no artigo 9.a) do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, ata a extinción dese traballo.

9. O Goberno poderá modificar, mediante real decreto, o establecido nos números anteriores.

**Disposición transitoria sexta.** *Programa de substitución de traballadores en formación por traballadores beneficiarios de prestacións por desemprego.*

1. En aplicación do previsto no parágrafo terceiro do número 4 do artigo 228 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada por esta lei, poderán acollerse a este programa as empresas que teñan ata 100 traballadores e os substitúan con traballadores desempregados beneficiarios de prestacións por desemprego durante o tempo en que aqueles participen en accións de formación, sempre que tales accións estean financiadas por calquera das administracións públicas.

A aplicación do programa regulado na presente disposición transitoria será voluntaria para os traballadores desempregados beneficiarios de prestacións por desemprego a que se refire o parágrafo anterior.

2. Os contratos de traballo que se formalicen para facer efectiva a substitución a que se refire o número anterior darán dereito ás seguintes axudas: o traballador desempregado contratado percibirá a prestación contributiva ou o subsidio por desemprego a que teña dereito polo 50 por 100 da contía durante a vixencia do contrato, co límite máximo do dobre do período pendente de percibir da prestación ou do subsidio.

O empresario, durante o período de percepción da prestación ou subsidio que se compatibiliza, deberalle aboar ó traballador a diferenza entre a contía da prestación ou subsidio por desemprego recibida polo traballador e o salario que lle corresponde, sendo así mesmo responsable da totalidade das cotizacións á Seguridade Social por tódalas continxencias e polo total do salario indicado incluíndo o importe da prestación ou do subsidio por desemprego.

3. Para a aplicación desta disposición transitoria, as empresas deberán presentar na oficina de emprego un certificado expedido pola Administración pública ou entidade encargada de xestionar a formación, mediante o cal se acredite a participación dos seus traballadores nas accións formativas programadas, así como o seu tempo de duración.

4. De non se reuniren os requisitos esixidos, procederá a devolución das cantidades indebidamente percibidas durante o período de contratación.

Para efectos do disposto no parágrafo anterior, poderase aplicar o establecido no número 1 do artigo 227 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, respecto ó reintegro de prestacións do pagamento das cales será directamente responsable o empresario.

5. O Goberno poderá modificar, mediante real decreto, o establecido nos números anteriores.

**Disposición transitoria sétima.** *Programa de fomento da mobilidade xeográfica.*

1. Os traballadores desempregados, as empresas e as organizacións empresariais poderán beneficiarse de subvencións que faciliten a contratación temporal ou estable cando esta contratación implique desprazamentos ou traslados de residencia.

2. Desprazamentos temporais. As empresas ou as organizacións empresariais poderán acceder a subven-

cións públicas co obxecto de organizar e custear o desprazamento, e facilita-lo aloxamento dos traballadores desempregados que se despracen desde a súa residencia habitual a outra localidade para ocuparen postos de traballo de carácter temporal.

3. Desprazamentos estables. Os traballadores que se despracen para ocupar postos de traballo de carácter indefinido terán dereito a percibir axudas económicas individuais en concepto de aloxamento, de gastos de desprazamento e de traslado de útiles e mobiliario.

4. Poderán subscribirse acordos ou convenios de colaboración coas comunidades autónomas co obxecto de facilita-lo desenvolvemento destas accións.

5. As medidas previstas nos números anteriores son compatibles, de se-lo caso, coas establecidas na disposición transitoria quinta desta lei, incluídas as previstas para o suposto de cambio de residencia.

6. O Goberno, mediante real decreto, establecerá, logo de consulta coas comunidades autónomas, o procedemento, o contido e as condicións destas axudas.

**Disposición transitoria oitava.** *Subscrición do compromiso de actividade na prórroga da duración do subsidio por desemprego.*

Se a solicitude do dereito a subsidio por desemprego ou a súa continuación se efectuou con anterioridade ó día 26 de maio de 2002, a entidade xestora esixiralles ós seus beneficiarios que no momento de solicita-la prórroga da súa duración subscriban o compromiso de actividade ó que se refire o artigo 231 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, salvo que estivese suscrito nunha prórroga anterior.

**Disposición transitoria novena.** *Reiteración de contratos temporais.*

A comunicación da entidade xestora das prestacións por desemprego a que se refire o novo artigo 145 bis da Lei de procedemento laboral poderase dirixir á autoridade xudicial cando o último dos reiterados contratos temporais entre o traballador e a mesma empresa se concertase trala entrada en vigor desta lei.

**Disposición derogatoria única.**

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei e de modo expreso as seguintes:

a) O parágrafo b) do número 1 e o número 2 do artigo 213 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

b) O segundo parágrafo da letra c) do número 1 do artigo 2 do Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, polo que se regula o subsidio por desemprego en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social.

c) Os parágrafos b), c), d), e) e f) do número 1 do artigo 1 do Real decreto 625/1985, do 2 de abril, polo que se desenvolve a Lei 31/1984, do 2 de agosto, de protección por desemprego.

d) O último parágrafo do número 4 do artigo 219 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

e) O Real decreto lei 5/2002, do 24 de maio, de medidas urxentes para a reforma do sistema de protección por desemprego e mellora da ocupabilidade.



**Disposición derradeira primeira.** *Desenvolvemento, entrada en vigor e aplicación da lei.*

Un. Facúltase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

Dous. Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Tres. Sen prexuízo do disposto no número dous anterior:

a) O establecido no parágrafo c) do número 1 do artigo 208 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola presente lei, aplicarase ás situacións legais de desemprego que se produzan a partir do día 26 de maio de 2002, cando o despedimento inicial se producise despois da dita data.

b) O establecido no parágrafo c) do número 1 do artigo 215 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola presente lei, aplicarase ás solicitudes do subsidio por desemprego presentadas a partir do día 26 de maio de 2002, e os traballadores que accedesen a este subsidio conforme a normativa anterior poderán obte-lo subsidio establecido no número 3 do número 1 do citado artigo 215, se reúnen os requisitos esixidos.

c) O previsto no artigo terceiro desta lei aplicarase a tódalas solicitudes do subsidio por desemprego establecido polo Real decreto 5/1997, do 10 de xaneiro, en favor dos traballadores eventuais incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, incluídas as solicitudes do subsidio ás que lles sexa de aplicación o cómputo especial de cotizacións recollido nas disposicións transitorias primeira e segunda do citado Real decreto 5/1997, presentadas a partir do día 26 de maio de 2002.

**Disposición derradeira segunda.** *Referencias ós servizos públicos de emprego competentes.*

As referencias efectuadas nesta lei ós servizos públicos de emprego entenderanse realizadas ó Instituto Nacional de Emprego e ós correspondentes servizos públicos de emprego das comunidades autónomas competentes na materia.

Polo tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de decembro de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
en funcións,

MARIANO RAJOY BREY

## MINISTERIO DE ECONOMÍA

**24252** REAL DECRETO LEXISLATIVO 1/2002, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións. («BOE» 298, do 13-12-2002.)

A Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 32, punto dezaoito, autoriza o Goberno para que, no prazo de doce meses a partir da súa entrada en vigor, elabore e aprobe un texto refundido da Lei de regulación dos plans e fondos de pensións, no que se integren, debidamente regularizadas, aclaradas e sistematizadas

a Lei 8/1987, do 8 de xuño, de regulación dos plans e fondos de pensións, e outras disposicións que sinala relativas a plans e fondos de pensións.

A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, na súa disposición adicional décimo primeira, introduciu modificacións en diversos artigos da Lei 8/1987, engadiu un novo capítulo IX a esta sobre medidas de intervención administrativa, e deu nova redacción ás súas disposicións adicionais e derradeiras.

A peza fundamental da reforma operada na Lei 8/1987 pola Lei 30/1995 é a incorporación á disposición adicional primeira daquela do réxime de protección dos compromisos por pensións das empresas cos seus traballadores, establecido en cumprimento do artigo 8 da Directiva 80/987/CEE, do Consello, do 20 de outubro de 1980, sobre aproximación das lexislacións dos estados membros relativas á protección dos traballadores asalariados ante a insolvencia do empresario.

Esta disposición adicional primeira da Lei 8/1987, modificada polo artigo 119.tres da Lei 66/1997, do 30 de decembro, e pola disposición adicional primeira.2 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, ámbalas leis de medidas fiscais, administrativas e da orde social, complementábase co réxime transitorio financeiro e fiscal de adaptación dos compromisos por pensións previsto nas disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995.

A Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou a Lei 8/1987 en materia de requirimentos de recursos propios das entidades xestoras de fondos de pensións, e, recentemente, a propia Lei 24/2001 antes citada, que autoriza a refundición, no seu artigo 32, introduciu tamén unha serie de modificacións na Lei 8/1987, das que cabe destacar, especialmente, as que afectan á regulación dos plans do sistema de emprego, facilitando a coordinación do seu funcionamento cos procesos de representación e negociación no ámbito laboral, as referidas ós límites máximos anuais de achega ós plans de pensións, así como as que afondan na liberdade de prestación dos servizos de xestión de investimentos dos fondos de pensións en atención ás directivas comunitarias, e nas obrigas de información ós partícipes e beneficiarios dos plans de pensións.

A refundición debe incluír así mesmo, segundo o ordenado polo lexislador, o réxime financeiro aplicable a persoas con minusvalidez establecido pola Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, na súa disposición adicional décimo sétima, debidamente actualizada, segundo a modificación introducida polo artigo 12 da Lei 6/2000, do 13 de decembro, de medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, e o artigo 1, once, da Lei 24/2001, do 27 de decembro.

Por outra parte, co fin de que os axentes sociais implicados no proceso de exteriorización dos compromisos por pensións poidan dispor dun texto normativo que integre a regulación dos plans de pensións e os aspectos do proceso de adaptación, é conveniente que a refundición incorpore o contido das citadas disposicións transitorias décimo cuarta, décimo quinta e décimo sexta da Lei 30/1995, debidamente actualizado, tendo en conta as modificacións introducidas nelas pola Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social (artigos 31 e 120.un e dous), así como pola Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto da renda das persoas físicas e outras normas tributarias (disposición adicional décimo primeira, primeira e segunda), e o prazo estendido ata o 16 de novembro de 2002 pola disposición adicional vixésimo quinta da Lei